

EL PROGRESO

ESCOLA
dEPrensa

O ECO DO VAL

Primeiro "xornal non diario" da comarca de Quiroga

SOMOS NOTICIA!

A nosa participación na proposta "Escola de Prensa" do diario lucense **El Progreso** deunos un espazo para xerar novas e elaborar un xornal



Montaxe fotográfica en homenaxe á "Guía postal de Lugo" de Maruja Mallo. SUSO MANTEIGA

Disque nas vilas e aldeas coma os da nosa comarca non adoitan acontecer grandes novas nin novidades. E tamén hai unha frase desas chamadas "feitas" que di algo así como "o que non acontece aquí, non acontece en ningures", frase case sempre encaixada nun contexto non precisamente positivo. O Dicionario da Real Academia Galega di que noticia é "información que se dá ou se ten sobre algo ou


alguén". E os canons do xornalismo sosteñen que a noticia "é o relato dun acontecemento de actualidade que esperta o interese do público". Pois de volta ao principio da nosa presentación, é posible que por aquí non se dean grandes acontecementos ou sucesos coma os que estamos afeitos a ler nas portadas dos grandes xornais convencionais. Pero nós, na comarca de Quiroga, si temos

información interesante sobre cousas e persoas que as fan. Temos para contar acontecementos que espertan o interese dos que poboamos e amamos estas terras xa admiradas polos mesmísimos romanos. E para contalas nace para todas e todos vós "O Eco do Val". Porque, como dicíamos tamén ao comezo, "o que acontece aquí, non acontece en ningures". Neste caso, afortunadamente!

NUEVO ENVASE TETRA EDGE

Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico.

LEYMA
natura



Hemeroteca de "O Eco do Val"

Sucedeu hai millóns de anos...

Algúns rastros da presenza humana

REDACCIÓN / QUIROGA

Hai 350 millóns de anos, prodúcese unha colisión de placas que xeran o que hoxe é Galicia tras un proceso de achegamento, no territorio que na actualidade é a Comarca de Quiroga ten lugar o proceso de formación do Sinclinal da Serra do Courel.

REDACCIÓN / QUIROGA

No Cuaternario confórmanse pequenos glaciares dos que aínda hoxe quedan algúns restos no Courel. Cunha antigüidade de entre 50.000 e 11.000 anos xorden os glaciares da Seara-Vieros, en Quiroga; tamén o de Lucenza, orixe da actual lagoa.

REDACCIÓN / QUIROGA

Paleolítico medio- superior - Na noite dos tempos as poboacións prehistóricas habitan na comarca e deixan vestixios do seu hábitat na Gándara Cha da Ermida, cunha serie de artefactos líticos que serán descubertos miles de anos despois, no 2007.

REDACCIÓN / QUIROGA

S. II despois de Cristo, na época do emperador Traxano - Ten lugar a construción do Túnel de Montefurado coa finalidade de extraer unha maior cantidade de ouro desa mina romana. A comarca de Quiroga é rica en xacementos de diversos minerais na época.

REDACCIÓN / QUIROGA

S. V da nosa era - Realízase o Crismón de Quiroga. Fica oculto durante moitos anos; no 1925 foi trasladado ao Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo, onde está exposto. Na igrexa da Ermida situouse unha réplica do crismón, feita tamén de mármore do Incio, no 2013.

Moito máis recentemente, no s. XX

REDACCIÓN / QUIROGA

1901- Nace Antonio Rodríguez López (Xoán Rolo), "importante erudito local, infatigable activista cultural, cérrime defensor do val, amigo de Uxío Novoneyra e de Manuel María", en palabras doutro ilustre quirogués, Xosé Estévez. En 1983, X. Rolo foi o pregoiro da Feira do Viño.

REDACCIÓN / QUIROGA

1941 - Ánxel Fole, fuxindo da posguerra na cidade de Lugo, refúxiase na Veiguiña, en Quiroga, onde vivirá durante máis de dez anos. Nese tempo escribirá libros de contos como A lus do candil ou a obra de teatro Pauto do demo, as dúas (e moitas posteriores) con ambientación nesta comarca.

REDACCIÓN / QUIROGA

1943 - Nace Xosé Estévez, Pepucho de Coles, historiador e grande coñecedor da cultura e da literatura galegas. Reside dende os 70 en Euskalerría, onde foi profesor da Universidade de Deusto. Visita con regularidade a comarca de Quiroga, á que segue moi vencellado.

REDACCIÓN / QUIROGA

1958- Ten lugar a presentación do aceite de Peites, producido integramente na Comarca de Quiroga, na Exposición de Lugo. Este acto público, coa presenza de autoridades locais e provinciais da época, marca o inicio do proceso de recuperación da súa produción.

REDACCIÓN / QUIROGA

Década dos 70 - Realízase a construción da N-120 entre Monforte e Ponferrada. Supón a mellora nas comunicacións entre a Meseta e Galicia, pero tamén fai moito máis doado o transporte da comarca de Quiroga. As modificacións que introduce na paisaxe na zona de Montefurado son grandes.

REDACCIÓN / QUIROGA


1976- Manifestación contra a proposta de implantar unha celulosa de ENCE en Quiroga. Foi multitudinaria; Manuel María e a súa dona, Saleta Goi, foron multados polo goberno como asistentes, aínda que non chegaron a estar presentes nela, por seren avisados das intencións ao respecto.

REDACCIÓN / QUIROGA

1979- Morre Xosé Teixelo, mestre que escribira para Vicente Risco un traballo sobre relixiosidade na bisbarra quiroguesa. Foi o pai do pintor Xosé Pin Teixelo, tamén quirogués, que ilustrará o poemario de Manuel María sobre as terras de Quiroga.

REDACCIÓN / QUIROGA

1980, celébrase a primeira Feira do Viño, organizada pola asociación "Os Eidos", e tendo como pregoiro ao escritor Uxío Novoneyra. Na imaxe da dereita, cedida para a súa publicación pola páxina quirogaevino.gal, aparece o escritor do Courel cun dos promotores da Feira.



Hilario González e Novoneyra o día do pregón. HILARIO GONZÁLEZ

REDACCIÓN / QUIROGA

1986- Célebese a primeira Feira da Castaña no Courel (en novembro, un ano en Folgoso e o seguinte en Seoane). Hai degustación gratuíta de castaña e viño e outras actividades. No 2013 foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

REDACCIÓN / QUIROGA

1988- Publicación e acto de presentación en Quiroga dos Sonetos ao Val de Quiroga de Manuel María, obra prologada por Xosé Estévez, gran amigo do poeta chairego e con ilustración do pintor Xosé Pin Teixelo.

REDACCIÓN / QUIROGA

1991- Primeira Mostra do Mel de Quiroga. Os apicultores da comarca achegan ao público distintas variedades de mel, e outros produtos como a xelea, o pole ou o licor de mel; tamén aceites, augardente e viño.

REDACCIÓN / QUIROGA

1996- Aprobación definitiva da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, na que se inclúe a produción vinícola das terras de Quiroga, sendo esta unha considerable parte do total.

REDACCIÓN / QUIROGA

1998- I Festa da Pisa da Castaña en Froxán, O Courel, na que se fai a demostración do pisado e abandonado da castaña, podendo participar tamén o público. .

Xa no século XXI

REDACCIÓN / QUIROGA

2002- Primeira Feira da Cereixa e do Aceite de Ribas de Sil, ubicada na praia fluvial de San Clodio. Hai degustación destes dous produtos da zona e tamén ten lugar un Festival Folclórico Musical.

REDACCIÓN / QUIROGA

2007- Inauguración do Museo Etnográfico Municipal, sito na planta baixa do Auditorio Municipal de Quiroga. Conta con fondos relativos aos produtos típicos da zona e aos materiais básicos na contorna.

REDACCIÓN / QUIROGA

2011- Inauguración do Museo Xeolóxico e Paleontolóxico de Quiroga, un referente tanto polos contidos que presenta divididos en cinco salas, como pola súa laboura divulgativa (cun premio por iso no 2017).

REDACCIÓN / QUIROGA

2017- Comézase a tramitar a candidatura da Comarca de Quiroga a Xeoparque da UNESCO, co apoio dos tres concellos que a integran. Tamén se puxa pola inclusión dos museos da localidade na rede de museos da Xunta.

REDACCIÓN / QUIROGA

Curso 2016-2017: o IES de Quiroga inscribíse en "Escola de Prensa" e o alumnado de 3º e 4º da ESO elabora por primeira vez "O Eco do Val", coa colaboración de parte do profesorado e moitas persoas da contorna.



Sinclinal da Serra do Courel. RAMÓN VILA ANCA

Iniciativas para crear un Xeoparque da Unesco na comarca de Quiroga

Ademais das formación xeolóxicas máis espectaculares, existen moitos outros elementos valorables, como os restos de mineiría ou os antigos fornos de cal.

ETS E MARTÍN FERNÁNDEZ / QUIROGA

Nos últimos tempos os concellos de Folgoso do Courel, Ribas de Sil e Quiroga mantiveron contacto para promover a creación dun Xeoparque mundial da Unesco no seu territorio.

Despois dunha serie de pasos previos na tramitación desta solicitude, agora mesmo a documentación correspondente está no IGME (Instituto Geológico y Minero de España), quen deberá emitir unha valoración positiva para trasladar o expediente á UNESCO.

Paralelamente, os tres concellos da comarca iniciaron en abril unha consulta pública sobre o proxecto do Xeoparque nos seus respectivos territorios (pódese consultar na web courelmountains.es); deste xeito, a poboación afectada pode presentar alegacións e suxerencias e ademais habilitouse o enderezo de correo grupodr8@yahoo.es para solicitar aclaracións e realizar consultas.



Miradoiro de Campodola e lagoa de Lucenza. RAMÓN VILA ANCA E MARTÍN FERNÁNDEZ, RESPECTIVAMENTE.

O informe elaborado para a candidatura ao ingreso na rede de xeoparques internacionais inclúe un inventario dos elementos máis significativos

da zona proposta, agrupados en distintos apartados. Trátase dun patrimonio moi diverso que visitable na súa totalidade, mediante distintos itinerarios.

Que é un Xeoparque?

Un Xeoparque é un territorio que presenta un patrimonio xeolóxico notable e leva a cabo un proxecto de desenvolvemento propio pensado para a súa promoción turística, cuns obxectivos económicos e de desenvolvemento claros. Son áreas xeográficas singulares e unificadas administrativamente, que teñen como prioridades a protección dos puntos de interese xeolóxico, a educación medioambiental e o desenvolvemento sostible. Os xeoparques relacionan o seu patrimonio xeolóxico cos outros aspectos do patrimonio natural e cultural da zona, para potenciar a utilización sostible dos recursos, e a redución das consecuencias dos desastres naturais e dos efectos do cambio climático. É dicir, o concepto actual de Xeoparque Mundial da Unesco fundaméntase nas peculiaridades xeolóxicas de relevancia internacional pero non unicamente: integra diversas facetas, tanto naturais como culturais.

A comarca de Quiroga, integrada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, reúne os requisitos para poder formular unha candidatura a Xeoparque Mundial da Unesco:

1) No que respecta á

na contorna proposta hai numerosos elementos destacables no eido da xeoloxía (máis de 30), entre eles está o sinclinal da Serra do Courel, declarado no 2102 Monumento Nacional. Outros lugares significativos son o sinclinal do Sil (en canto ao relevo), a lagoa de Lucenza (glaciarismo), a Buraca das Choias (cova), a Devesa da Rogueira e as orquídeas silvestres da zona (flora), Montefurado, Pena Furada e A Toca (minas romanas), os castros de Sobredo e de Torre, miradoiros como os do canóns do Sil, os museos de Quiroga (Xeolóxico e Etnográfico) e a estación científica do Courel.

2) En canto á

nas últimas décadas realizáronse varias actuacións neste sentido, sendo das máis destacables a creación do primeiro miradoiro xeolóxico de Galicia (o de Campodola) no 2003. Entre o 2013 e o 2015, asociacións locais organizaron xornadas xeolóxicas que contribuíron á divulgación do patrimonio da contorna, xunto coa presenza nas redes, a realización de roteiros. A todo isto hai que engadir a existencia de certas infraestruturas como camiños, sinalizacións turísticas, rutas...

3) Xerar

1: mediante moitas das actuacións xa enumeradas no apartado anterior, nomeadamente as xornadas de divulgación, a existencia de itinerarios e rutas e outras actividades puntuais que serven para para poñer en valor os espazos que integran o futuro xeoparque da comarca de Quiroga.

Esta candidatura das montañas do Courel, cunhas extensión de case 580km cadrados, ten moitas posibilidades de acadar o recoñecemento da Unesco, e convertese así na primeiro Xeoparque de Galicia.

Os museos xeolóxico e etnográfico de Quiroga, atractivos importantes da vila

Estanse realizando xestións para que estes dous museos se integren na rede museística da Xunta

PAULA GONZÁLEZ/ QUIROGA

A incorporación dos museos de Quiroga a esta rede galega suporía beneficios en canto á difusión dos seus contidos, á conservación e á protección do patrimonio cultural que acollen; tamén lles permitiría ampliar as súas coleccións con certas pezas singulares.

O pasado 2 de decembro cumpriuse o quinto aniversario da inauguración do Museo Xeolóxico e Paleontolóxico de Quiroga, precisamente o mesmo día en que recibiu en Santiago o premio Santa Bárbara da Cámara Oficial Mineira de Galiza pola súa traxectoria divulgativa.

Este centro xeolóxico é interesante porque nunha poboación tan pequena como é Quiroga atópase o único museo existente en Galicia sobre Xeoloxía. Malia estar nunha contorna tan pouco poboada, ten un número de visitas moi elevado xa que rolda as 3000 anuais.

O premio Santa Bárbara foille outorgado co fin sobre todo de impulsar neste 2017 a súa inclusión na rede galega de museos, o que suporía a posibilidade de recibir subvencións para o seu mantemento e contar co apoio da Xunta para divulgar os seus contidos e tamén para protección, do rico e abundante patrimonio xeolóxico da contorna. Ademais, isto é unha condición necesaria para que o centro poida facerse cargo da exposición e custodia de determinadas pezas, como é o caso dunha colección de artefactos paleolíticos que foron atopados no 2007 na Gándara Chá, preto da Ermida. O Museo de Xeoloxía e Paleontoloxía municipal de Quiroga (Lugo) atópase na rúa Caurel e consta de cinco salas ben diferenciadas. A primeira trata a formación do territorio de Galiza a partir do elemento máis singular destas montañas,



Sala do Museo Etnográfico. RAMÓN VILA



Salas do Museo Arqueolóxico. RAMÓN VILA

o grande Sinclinal da Serra do Caurel (Monumento Natural da Xunta de Galicia 2012 e Lugar de Interese Xeolóxico de relevancia internacional); a segunda céntrase na

paleontoloxía, a evolución da vida segundo o rexistro fósil "completo" que se atopa na Comarca e que é único en Galicia; a terceira está dedicada a analizar as pegadas

da última glaciación na Serra do Caurel a dous niveis: por un lado as marcas que deixou na modelaxe dunha paisaxe xa moi antiga e desgastada cando se instalaban os xeos, e por outra, os materiais rochosos; no cuarto espazo abórdase o apaixonante e cambiante tema das primeiras ocupacións humanas na zona, cómpre sinalar que os fósiles humanos máis antigos de Galiza se atopan no ámbito da Serra do Caurel (foron moi estudados e recentemente publicáronse as conclusións sobre a coñecida como Elba, a pastora do Caurel, cuxos restos de hai máis ou menos 10000 anos antes do presente se atoparon na sima de Chan do Lindeiro, foron estudados e divulgados polo equipo do Instituto Xeolóxico Universitario Isidro Parga Pondal da Universidade da Coruña; por último, como era obrigado, na comarca da Serra do Caurel, hai un espazo dedicado á minería histórica e contemporánea baseada en cinco materiais fundamentais: a lousa, a calcaria, a antimónita o ouro e o ferro.

O Museo Etnográfico Municipal

O Concello de Quiroga conta con outro centro que complementa o contido deste museo xeolóxico: o Museo Etnográfico, na planta baixa do Auditorio Municipal de Quiroga. Dende a apertura do auditorio, en xullo de 2003, o goberno municipal tiña a idea de converter os preto de 600 metros cadrados do mencionado baixo nun museo. O que nun principio era unha idea, concreouse o 24 de marzo de 2007, coa apertura ó público deste novo servizo municipal dedicado a recuperar, aglutinar, espallar e, polo tanto, protexer o patrimonio cultural en tódalas súas facetas.

A día de hoxe a colección etnográfica do museo de Quiroga atrae a máis de 3000 visitantes por ano e con total seguridade é unha das máis importantes que hai na Galiza.

Os contidos do Museo Etnográfico de Quiroga están relacionados por un lado cos catro produtos típicos da comarca: o viño, a castaña, o aceite e o mel; e por outro cos catro materiais esenciais para o desenvolvemento da vida da contorna: a pedra, o ferro, a madeira e os tecidos. Ademais, tamén teñen o seu espazo o agro e a gandería e a estancia principal da casa: a lareira. Todos os contidos presentes nesta colección etnográfica atopan a súa síntese na recreación dunha aldea típica destas montañas coa exposición das maquetas que foron o decorado da película de animación galega O Apóstolo, onde pedra, madeira, ferro etc, atopan o seu lugar para facilitar a vida das xentes desta terra dura pero agradecida.

Quiroga: unha viaxe no tempo

Quiroga, Ribas de Sil e Folgoso do Courel superan en conxunto os 250 xacementos arqueolóxicos

CARLOS GLEZ / QUIROGA


Os concellos que forman a Comarca de Quiroga son lugares onde abundan os achados arqueolóxicos. Isto débese a diversos factores, entre eles a localización, xa que o val de Quiroga está protexido por montañas e conta con moitas zonas de defensa. Ademais de ser zona de paso e entrada do Sil, na comarca tamén hai un bo número de vales fértiles para a agricultura. Os primeiros indicios de hábitat humano no Val de Quiroga sitúanse no lugar da Gándara Chá, na parroquia da Ermida. Alí localizáronse varias ferramentas durante unha prospección que tivo lugar na zona por mor das obras de reforma da estrada de Quiroga a Folgoso do Courel, que terían lugar anos despois. Estes útiles paleolíticos apareceron na superficie do terreo e moi preto do punto de confluencia dos ríos Ferreiroño e Quiroga.

Da época neolítica hai que destacar dous tipos de achados. Por unha parte as mámoas, túmulos formados por unha cámara cuberta por un montículo de terra, que se atoparon nunha plantación de piñeiros no Alto da Rodela ou Alto das Medorras, na Montaña do Lor. Neste lugar hai varios destes túmulos megalíticos aínda que non foron obxecto de estudo. Tamén se acharon petróglifos desta época, como é o caso do petróglifo de Feais, na parroquia de Bendollo ou o atopado recentemente na Devesa da Escrita, no Concello de Folgoso do Courel.

Da Idade do Bronce cómpre resaltar uns machados que apareceron no lugar de Carballo –no Concello de Quiroga- e que na actualidade forman parte dos fondos do Museo Provincial de Lugo. Da Idade do Ferro abundan os castros, a construción por



Castro da Torre. RAMÓN VILA



Túnel romano de Montefurado. RAMÓN VILA

excelencia nesa etapa. No Concello de Quiroga hai como mínimo un por parroquia. Algunhas das igrexas e cemiterios parroquiais están construídos sobre estes castros, como a de Augasmestas e a da Ermida; nos dous casos apenas se conservan restos en superficie. Precisamente a Igrexa da Ermida foi o lugar onde se atopou o Crismón de Quiroga -na actualidade no

Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo-, unha peza de mármore con inscricións en latín que traducidas ao galego poñen “O ouro é vil para ti, as riquezas de prata abátense, máis é o que brillas pola túa propia felicidade”. Outros castros destacados son o Ar Maior, que conserva en bo estado as súas estruturas defensivas; o de Vilanuíde, próximo ao túnel de

Montefurado ou o de Penadominga, onde apareceron uns obxectos que indicarían que foi repoboado posteriormente.

Na arqueoloxía de Quiroga unha parte fundamental é a pegada que deixaron os romanos nestas terras, xa que ao longo do municipio existen máis de medio cento de explotación mineiras. Estas minas podían estar escavadas

en rochas nas que buscaban cuarzo, do que finalmente extraían o ouro, ou en terreos arxilosos, onde este mineral xa aparecía solto. Salientan a Mina de A Toca, de gran importancia e que nas fotografías aéreas semella un “bocado” na montaña; a Mina do Torubio, próxima á da Toca e ambas situadas no Courel e a Mina de O Covallón, no Concello de Ribas de Sil. As minas estendíanse por todo o val, ata o punto de que a propia vila de Quiroga está sobre unha destas explotacións de ouro. Os romanos tamén levantaron pontes para cruzar os ríos, unha boa mostra é a Ponte de Bibeí, na parroquia de Vacariza. Un dos principais elementos do legado romano na comarca é o túnel de Montefurado, do século I ou II e probablen te sexa o túnel artificial máis antigo dos realizados na Península Ibérica. Foi escavado para desviar o curso do río que, dese xeito, quedaba libre para recoller do seu leito as pebidas de ouro que arrastraba a corrente.

Na época medieval o máis destacado é o Castelo dos Novais, unha fortaleza situada á beira do Sil, construída a mediados do século XIII e o Castelo de Carbedo, no Courel. Nun castro próximo a Carbedo, ademais, foi achada unha peza coñecida como “Tabula hospitalis do Courel”, datada do 28 d. C e que consiste nun pacto de protección e apoio establecido entre un particular e unha colectividade indíxena. Esta peza tamén se atopa no Museo Provincial de Lugo. Como pode verse, o valor arqueolóxico da Comarca de Quiroga é moi considerable. Esta riqueza en achados, por unha parte contribuirá a potenciar a declaración do futuro Parque Xeolóxico da UNESCO na comarca e, por outra, obterá tamén algún beneficio desta catalogación internacional.

O Crismón da Ermida, peza singular

EMILY GONZÁLEZ E MARIO QUIROGA / QUIROGA

A provincia de Lugo é rica en restos arqueolóxicos, de diversas etapas. Un dos achádegos máis significativos pertence á época tardorromana. Trátase dun crismón, atopado na parroquia da Ermida (Quiroga, Lugo).

Un crismón é unha representación do cristograma ou monograma de Cristo (XP), que consiste nas letras gregas X e P entrelazadas, pois son as dúas primeiras letras do nome de Cristo en grego. Ademais, ás veces, aparece acompañado das letras alfa (α) e omega (ω), a primeira e última do alfabeto grego, que simbolizan a Cristo como principio e fin das cousas.

Esta representación gráfica de carácter simbólico foi tradicionalmente empregada como símbolo cristián. Dise que provén daquel sinal que viu no ceo o emperador Constantino I O Grande, antes da batalla de ponte Milvio, e que segundo se lle revelaba, axudáralle a vencer, polo que mandou poñer o cristograma nos seus estandartes.

No caso do Crismón da Ermida, trátase dunha peza singular, que podería proceder do mármore das canteiras do Incio, feita posiblemente para un santuario ou para un mausoleo erixido por algún nobre romano convertido ao cristianismo. Esta peza, como xa se dixo, ten unha inscrición en latín e iniciais en grego, e, ademais, no bordo interior da circunferencia, tamén hai un texto en latín que di “O ouro é vil para ti, as riquezas de prata abátense mentres que ti brillas pola túa propia felicidade,” o que nos quere convidar a non darlle importancia ás riquezas materiais.

Esta peza única, de gran perfección formal, apareceu cando se fixo unha obra de restauración na fachada da Igrexa dos Remedios da Ermida; estaba entre as pedras grandes e vermellas que antes conformaban a fachada, e podería ter sido usada, nun primeiro momento, como mesa de ofrendas, e non para empotrar nunha fachada; tamén existe a posibilidade de que tivese sido un elemento decorativo ou funerario. Pénsase que fixo de ara na



Os autores do artigo na Ermida. ANTONIO QUIROGA

igreja de Santa María da Ermida, do século XII (derrubada en 1887 e substituída polo actual edificio), aínda que non se sabe certo; crese que foi esculpido a principios do s. V, cunha técnica elaborada. No 1925 foi trasladado ao Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo, onde está exposto e, na propia igrexa, situouse unha réplica do crismón, feita tamén de mármore, no 2013.

Este descubrimento ten diversas implicacións a nivel da historia local, xa que permite concluír a localización xa nesta etapa dun núcleo

importante do cristianismo (santuario ou similar). Ademais, existen referencias moi temperás á existencia da parroquia da Queiruga en documentos como “Parroquiario suevo” do século VI, o que pon de manifesto que segue habendo un culto relixioso relevante na zona certo tempo despois.

Ademais, sábese que no lugar onde hoxe se sitúa a igrexa existía un asentamento castrexo, e mesmo chegaron ata a actualidade lendas e contos populares ao respecto do propietario dese castro e das terras circundantes.

Unha posible teoría sobre a súa orixe

A presenza desta peza tan destacada e peculiar na Ermida, tamén permite supoñer o tipo de crenzas que os habitantes dese lugar tiñan a esa altura histórica: tendo en conta a frase inscrita na beira da peza, na que se indica que o importante non son os bens materiais, podería ter relación co Priscilianismo. Esta interpretación do cristianismo foi predicada por Prisciliano no século IV no noroeste peninsular. Tiña como ideais fundamentais a austeridade e a pobreza, polo que pretendía que a Igrexa abandonase a opulencia e as riquezas para volver ás orixes das crenzas cristiás. O Priscilianismo, que se opoñía á escravitude e concedía moita importancia á muller, mesmo no culto, foi considerado unha herexía, e o seu creador foi condenado a morte.

A festa da Ermida

MARIO GONZÁLEZ / QUIROGA

Os días 7, 8 e 9 de setembro, celébrase na Ermida (Quiroga) unha festa en honra á Virxe dos Remedios.

O 8 e o 9, pola mañá, a festa comeza cunha procesión onde participan os personaxes máis significativos da festa como son o Meco, que representa ó Demo, e as Pampórnigas, que son dous xigantes, unha representación feminina e outra masculina.

Van acompañando a procesión ao son da danza da Ermida que é interpretada por un grupo de músicos (gaiteiros, bombo, tamborileiros, etc.), que se encargaron de manter ao longo dos anos esta melodía da que non se sabe con certeza a súa orixe; é recordada alí por todos alí dende hai moitísimo tempo. Este grupo de danzantes vai seguido da procesión relixiosa.

A procesión comeza e remata na Igrexa da Ermida, coñecida por ser onde se

atopou o crismón da Ermida. Unha vez na Igrexa comeza a misa á Virxe dos Remedios que remata ó mediodía.

Mentres, no exterior, empeza o xogo dos que non entran e son entretidos polo Meco; no interior dun círculo formado pola multitude os máis atrevidos arrojan moedas ao centro e tratan de pegarlle ao Meco na caluga (lévaa protexida por unha prolongación da máscara a xeito de pequena almofada redonda). Este protéxese, ao tempo que apaña as moedas cunha escoba de toxo. Pola tarde a celebración trasládase ao Souto do Val no cal a xente fai cubertas onde se reúnen para facer cear e festa. No campo da festa adoita haber diferentes postos, unha cantina e variedade de pequenas atraccións. Tamén pola tarde, antes do gran baile con orquestras de sona, hai algún espectáculo como pode unha charanga, magos, ou monicreques.

Un dos temas máis curiosos nesta festa

é a Danza da Ermida, da que pouco se sabe sobre a súa orixe; estivo a piques de perderse pero evitoutno o gaiteiro Colomán González Rodríguez, de 84 anos, nado na Ermida, e na actualidade responsable de manter a tradicional melodía. A peza, e moitas outras da zona foron recollidas no Cancioneiro Antropológico de Xosé Lois Foxo (o fundador da Real Banda de Gaitas de Ourense, gaiteiro e escritor), no que Colomán participou como informante. Isto é o que este home nos contou:

- Eu creo que debe ser sobre o 1800 xa que eu lembro que meu avó xa dicía que seu pai sempre o día 8 de setembro ía ver o Meco e as Pampórnigas e a escoitar a Danza.

- Aprendina porque me gustaba tocar a gaita, e comprara un punteiro na mili e fun tocando pouco a pouco, despois estaba aquí un gaiteiro que lle chamaban o Bautista e sobre a marcha del fomos aprendendo nós tamén.

é a Danza da Ermida, da que pouco se sabe sobre a súa orixe; estivo a piques de perderse pero evitoutno o gaiteiro Colomán González Rodríguez, de 84 anos, nado na Ermida, e na actualidade responsable de manter a tradicional melodía. A peza, e moitas outras da zona foron recollidas no Cancioneiro Antropológico de Xosé Lois Foxo (o fundador da Real Banda de Gaitas de Ourense, gaiteiro e escritor), no que Colomán participou como informante. Isto é o que este home nos contou:

Veu o Foxo e andaba a buscar cancións vellas para poñer no libro e un día estivemos aquí (na súa casa) cantando cancións vellas, máis tamén a Danza, que toquei na gaita e púxoas tamén nos discos e o libro.

Tras todo isto, esperamos vervos nas próximas festas da Ermida!



A Ruta dos cabaleiros da Encomenda

A Ruta da Encomenda, vencellada á Orde de San Xoán de Xerusalén, aínda conserva na entrada ao no castelo dos Novais a Cruz de Malta, o seu símbolo

SAÚL FERNÁNDEZ / QUIROGA

O traxecto desta ruta recorre o entorno de Quiroga e coincide cunha parte do Camiño de Inverno a Santiago. O traxecto pode comezar desde a Ermida e concluír en Os Novais, ou viceversa. Ten unha lonxitude de 6,7 km e un desnivel aproximado de 200m, polo que se considera unha ruta doada, tamén apta para realizar en bicicleta.

Durante a ruta poderemos ver o Castelo dos Novais, situado sobre unha crista rochosa desde a que se divisa o río Sil. Continuando chegamos ata o conxunto histórico-artístico do Hospital, onde atoparemos a Capela de San Xoán (que na actualidade forma parte da igrexa de San Salvador) e para acaba, o Santuario da Ermida. A Ruta da Encomenda ten unha historia moi singular na que a Orde de San Xoán de Xerusalén ten moito que ver. Tamén coñecida como Orde de Malta, Orde de San Xoán de Malta ou Orde dos Irmáns Hospitalarios fundouse con fins benéficos e piadosos, converténdose co tempo nun corpo relixioso-militar.

A Orde de Malta, creada na época da I cruzada, tiña como principal cometido protexer aos peregrinos que ían camiño de Xerusalén e custodiar o Santo Sepulcro. Os seus membros despois de moito tempo acabaron converténdose tamén en defensores dos necesitados e de todos os peregrinos que ían cara a Compostela e a outros lugares de peregrinación.

En canto o Castelo dos Novais era un lugar moi ben situado porque está nunha posición estratéxica, nun cantil sobre o leito do río Sil, paso obrigado para os que circulaban polo Camiño Real que ía cara a San Salvador do Hospital. O conxunto conserva hoxe dous corpos independentes: a Torre e o Pazo da Encomenda.



Alumnado do IES de Quiroga no Castelo dos Novais. RAMÓN VILA ANCA



San Salvador do Hospital e A Ermida. RAMÓN VILA ANCA E SUSO M.

O Conxunto de San Salvador do Hospital, tamén moi ligado ao Castelo dos Novais, está situado no lugar homónimo. Este conxunto está formado

por un importante número de elementos pertencentes ao legado cultural de varias épocas, sendo a construción principal a Igrexa Parroquial

de San Salvador, á que cabe atribuírle orixe prerrománica: a Capela de San Xoán, onde podemos ver lápidas de ilustres Quiroga e Losada e que constitúe a cabeceira do edificio actual, notablemente ampliado en sucesivas etapas. Outras pezas de importancia dentro do mesmo edificio son o retablo maior do barroco, o Cristo Crucificado, o San Bartolomé Vello e tamén o Novo, e a pía baptismal. Completan o importante núcleo de Hospital a arruinada Casa Torre ou de Tor, cunha orixe máis que probable no século XVI, e a Casa de Carballo, cun escudo de armas do mesmo século.

Outro dos puntos salientables de ruta da Encomenda é a Igrexa Parroquial da Ermida, Santuario da Virxe dos Remedios. A antigüidade da implantación do cristianismo en Galicia ven marcada polo "Crismón de Quiroga" peza datada entre finais do s. IV e primeiros do s. V que procede desta igrexa. Outro dos puntos fortes deste lugar é a tradición do Meco e das Pampórnigas.

Quiroga no Camiño de Inverno

AARÓN ESTEVES / QUIROGA

Este ano o noso centro participa con 1º e 2º da ESO no proxecto "Mirando polo camiño", que consiste en achegar ao alumnado dos institutos e colexios que se atopan nalgún dos camiños de Santiago información sobre estes, sobre a súa importancia e o seu valor cultural. No noso caso a temática xira en torno ao Camiño de Inverno.

No marco deste proxecto houbo diferentes actividades. En setembro o alumnado de 1º e 2º da ESO participou na 1ª Andaina Escolar da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra co obxectivo de dar a coñecer o Camiño de Inverno, en concreto o tramo de Monforte de Lemos, aos escolares. Ao mesmo tempo foi unha xornada de convivencia dos centros participantes. O percorrido foi duns 6 km; saímos da parroquia de Reigada e rematamos na estrada da Vide.

En marzo, a presidenta da asociación de Amigos do Camiño de Inverno, Aida Menéndez López, veu ao centro para falar sobre este camiño, que pasa pola nosa vila. Esta muller leva anos loitando pola oficialización desta variante do camiño de Santiago que pasa polas catro provincias. Ademais de crear esta asociación, conseguiu unir a todos os concellos do Sur de Lugo na procura da declaración do Camiño de Inverno como un máis dos camiños de Santiago, o que se conseguiu o verán pasado, aínda que queda moito traballo por facer.

En abril o alumnado percorreu o tramo quiroqués do camiño, acompañado polo arqueólogo Iván A. Merayo, quen foi dando explicacións sobre a orixe do Castelo das Novaes e a súa historia.

Tamén se abordou o Camiño de Inverno como un contido transversal nas aulas con especial énfase na materia de Xeografía e Historia.

Cara a unha economía máis ecolóxica

Os tempos de ouro da agricultura de montaña, aqueles tempos en que a terra era o único recurso, e a vida era unha constante batalla pola supervivencia, están agora convertidos en museo. Os tempos de ouro da agricultura de montaña, aqueles tempos en que a terra era o único recurso, e a vida era unha constante batalla pola supervivencia, están agora convertidos en museo.

JOSÉ ESPINOSA / QUIROGA

Exemplos témolos na nosa comarca. Son numerosas as aldeas abandonadas nas que aínda se ven rasgos dun esplendor pretérito. Asentamentos en lugares inhóspitos, como Vilarbacú, nos que aínda resoan ecos dun intenso pulular sostido por unha actividade mineira outrora rentable, ou como Torbeo ou Bendollo, que perderon o seu valor como encrucillada outrora obrigada entre o Val de Quiroga e Castro Caldelas ou Montefurado.

E estas poboacións entraron en declive cando ao perder a capacidade de xerar valor engadido, por desaparición do recurso ou por obsolescencia das técnicas, co denominador común do empecinamento de soste e non enmendar unha oferta para unha demanda desaparecida, renunciando moitas veces á integración na praxis sostible das melloras que os tempos brindan, sosténdose na autocomplacencia de crer que o inmovilismo disfrazado de tradición é suficiente para dotar aos recursos do territorio de valor engadido suficiente para asegurar a súa sostibilidade. Doutra banda, os recursos paisaxísticos e medioambientais poden aportar valor engadido para a comarca se, de xeito sostible, se complementan con outros que amplíen e renoven as alternativas de uso e disfrute, superando con isto o uso museístico a que se reduce co simple paseo e a contemplación como únicas actividades.

Só se require aproveitar o mellor de cada tempo presente sen renunciar ao mellor do pasado. Só se require abrirse a unha evolución conducente a manter a competitividade na oferta para os demandantes



Muíños tradicional e moderno. JOSÉ ESPINOSA

Renovar os recursos de toda a vida en base a unha explotación sostible e competitiva

É innegable a diversidade de recursos dispoñible no territorio de Quiroga. Pola súa situación bioxeográfica, entre as chamadas España Húmida e Seca, o potencial agropecuario é patente. Castaño, olivo e vide como emblemáticos, sen esquecer os meles característicos de distintos entornos altitudinais. Engadimos os Madroños ou Ervedos, os Arándanos ou a cabaña ovina

localmente trashumante, hoxe practicamente desaparecida, ou a porcina estacionalmente adevesada que, ben procesada, deulle sona e reputación aos fiambres de Quiroga. E todos estes son recursos renovables. Susceptibles de explotación sostible e competitiva, con resultados e calidades capaces de codearse cos máis selectos que poida haber.

que, en ocasións, haberá que afloralos.

Exemplo do anterior, tense no rexurdir fisiocrático actualizado: a adecuación das actividades oleícolas e vinícolas aos tempos, nas que o paso da protohistoria á vangarda, non supuxo unha perda do valor dado aos viños e aceites de Quiroga. Máis ben ao contrario, ao apreжаться en rexións ás que noutro só

chegaba a sona e o nome. E só co nome non se vive.

A comarca de Quiroga sempre foi coñecida pola singularidade dos seus viños, a cabalo entre Amandi e Valdeorras, localizacións con reputación propia. Pero, asemade era notorio que o consumo ficaba acotado polo San Martiño e o San Xoan, pois, agás excepcións, os caldos non soportaban os rigores do estío.

Realidade moi distinta a de hoxe pola integración das melloras tecnolóxicas que os tempos ofrecen. A substitución das cubas de madeira por outras de máis doado e eficaz saneamiento para a fermentación, os controis obxectivos de temperatura ou o desterro da pizca e puñado en beneficio das unidades métricas como unidades de dosificación de sulfuroso e outros aditivos tradicionais, unido a un vendimado acorde a unhas pretensións, supuxo dar o salto dos viños da comarca alén do mercado local de autoconsumo, e sobre todo poñerse en condicións de manter a calidade todo o ano, sen as antigas limitacións estacionais. E saíndo fóra, com o produtos de orixe coñecida, o recoñecemento queda patente e, evocando a Frei Martín Sarmiento, “os doblóns” fican na comarca. O olivo mantivo a explotación ininterrompida desde a noite dos tempos. Pero non foi ata 1958, en Lugo, nuha feira de mostrás, en que se reidentificou a súa orixe.

E igual que co viño, a mellora da substitución do prensado clásico polo centrífugo, unido á molturación en entorno illado e a colleita de oliva en sazón para a calidade desexada, permitiu a obtención de aceites de calidade recoñecida e competitiva nos mercados “gourmet”.

Existen tamén outros recursos, potenciais polo inédito do seu aproveitamento. Tales son os derivados de diversos froitos de alta produtividade potencial e actualmente infrautilizados. Estes, como a noz, a avelá, a cereixa, son receptores de valor engadido coa innovación e desenvolvemento para a súa transformación en aceites, fariñas ou elaborados fermentados, como resultado da adaptación e aplicación de tecnoloxías xa actualmente consolidadas.

Polo camiño quedaron outros recursos como o conserveiro, o chacineiro ou a recuperación da cabaña ovina que, nun estado de hibernación, esperan a ocasión para o seu afloramento e posicionamento que nos antigos modelos económicos de proximidade e nos de escala de épocas pasadas chegaron a ocupar, e que nos marcos e modelos ofrecidos no presente, doadamente poden ser elementos de desenvolvemento local e motores da tan necesaria recuperación demográfica.

En conclusión, como se dixo ao principio, a sostibilidade dunha poboación nun territorio concreto vai depender fundamentalmente da súa capacidade para poñer en valor, de xeito sostible, os recursos que este territorio poida ofrecer.

E para garantir unha supervivencia sostible, debe procurar integrarse nos fluxos económicos dirixidos polos diversos mercados, mantendo a súa propia competitividade en base a estándares de calidade asumibles, e, en calquera caso, compatibles coas innovacións e normativas que cada tempo presente ofrece e esixe.

A primeira Feira do Viño da Ribeira Sacra

"Quiroga é un viño", denominación de orixe dada a esta festa por Uxío Novoneyra, poeta do Courel

EMILY GONZÁLEZ, ETS / QUIROGA

A primeira edición da "Feira da Augardente e do Viño de Quiroga" tivo lugar en 1980, en novembro, coincidindo co San Martiño. Naquela ocasión, o pregoeiro foi Uxío Novoneyra, que tan ben coñecía a contorna, pois era do Courel. O escritor courelao deixou para a historia o lema "Quiroga é un viño" (que lle dá título agora á páxina que contén numerosa información das diferentes edicións desta feira). A asociación de veciños "Os Eidos" foi a responsable de promover este primeiro certame no que participaron trece colleiteiros de Quiroga e San Clodio presentando diversas variedades de uvas autóctonas. Aquele ano, a Feira estivo ubicada na Praza Maior de Quiroga e realizouse unha degustación de balde dos diversos caldos.

A orixe desta Feira do Viño está nunhas catas experimentais que tiveran lugar a finais dos anos 70 durante a celebración do San Martiño, promovidas polos colleiteiros da comarca.

Na web quirogaeunviño.gal recóllese documentalmente que a Feira do Viño de Amandi (Sober) tivo a súa primeira edición en 1981 e a de Chantada en 1983, polo que a de Quiroga é anterior a ambas. Ás veces fálase da feira de Amandi como a primeira das feiras vinícolas da Ribeira Sacra, aínda que non é certo. Esta confusión pode ter que ver coa suspensión dalgunha edición da de Quiroga, que agora vai xa polo XXXV certame, mentres que a soberina leva 37 edicións consecutivas, aínda que non é anterior no tempo á quiroguesa.

En 1982, a Feira do Viño de Quiroga foi suspendida debido á mala colleita, o que facía sospeitar algún problema coa calidade dos caldos; tendo en



Feira do viño recente. RAMÓN VILA



As barricas na Feira do Viño de 1983. IMAXE PUBLICADA NO DIARIO EL PROGRESO, O 15-11-1983. CEDIDA POLA WEB QUIROGAUNVIÑO.GAL.

conta que esta feira naceu coma unha actividade para potenciar a produción vinícola local, enténdese ben porque a organización tomou a decisión de non celebrala.

En 1983 tivo lugar o certame con normalidade, tendo como pregoeiro a Xoán Rolo, erudito local e gran activista cultural; pero en 1984 tampouco tivo lugar a edición correspondente, xa que se pospuxo a data

orixinaria de celebración (o San Martiño) á primavera, en concreto ao último domingo de Semana Santa. En 1985 celebrouse por primeira vez na data actual, o Domingo de Pascua. Nesa convocatoria houbo un cambio nas bases do certame e suprimíuse o xurado popular. Tamén foi o primeiro ano no que o viño deixou de venderse a granel, e as habituais barricas foron

substituídas por botellas etiquetadas.

A partir desa terceira edición, a Feira do Viño quiroguesa sempre se celebrou e mantivo a nova data establecida, coa excepción do ano 1988, no que coincidiu co Entroido.

Actualmente, esta Feira, ubicada ao longo da rúa Real, é un evento multitudinario con forte tradición na comarca e en toda a Ribeira Sacra.

As conmemoracións desta festa gastronómica aa súa orixe tiñan lugar un único día, o sábado, pero produciuse unha ampliación progresiva do programa. Agora xa hai certas actividades o venres e a feira prolóngase durante toda a fin de semana, iso si, sendo o día forte o sábado.

Hai outros aspectos da organización deste certame que se mantiveron ao longo do tempo: as actuacións de música tradicional (de escolas de gaitas, bandas de música, algún grupo folk...) e as actividades deportivas (unha carreira

popular e un trofeo de fútbol). Tamén é habitual que os premios aos caldos gañadores sexan entregados por persoeiros políticos.

Con respecto aos pregoeiros e pregoeiras, nun primeiro momento pertencían ao ámbito da cultura (Alfredo Conde foíno en 1986 e Camilo J. Cela, en 1990), tiñan unha ampla traxectoria mediática (Matías Prats, 1991) ou eran paisanos da comarca, caso do político Victorino Núñez (1988) e de Antonio Rodríguez López, Xoán Rolo, ao que xa se fixo referencia. Máis recentemente quen fai o pregón que abre a Feira do Viño de Quiroga soe ser algún personaxe moi coñecido do ámbito televisivo. Porén, só Uxío Novoneyra deixou unha frase memorable para a historia.

Con todo isto que vimos de contarvos, ben se ve que este é un evento que sinalar no calendario. Non deixedes de vir á XXXVI edición da Feira do Viño de Quiroga, no 2018!



Felisa de Bendilló. FAMILIA DE FELISA VIDAL NOGUEIRA. CEDIDA POR PEPE MONDELO

Precursores musicais do Val

Varios artigos de Pepe Mondelo en en 2004 e 2005 permitiron rescatar estas figuras sonoras e a recente recompilación de X. L. Foxo na zona ampliou a súa difusión

REDACCIÓN / LUGO

A principios do século XX, na contorna do Val de Quiroga, houbo unha gran tradición musical, con manifestacións moi variadas, dende regueifas ata orquestras, pasando por grupos de música tradicional. Entre eses intérpretes estaban Carlos Rodríguez, Felisa (a gaitera de Bendilló), Carmen Parada (a gaitera de Ferreiros), o Penelo e os irmáns Veloso (Pepe e Álvaro de Forgas).

Algúns, como

descubriron a súa faceta musical voltando ás orixes da súa familia, en Paradaseca, no concello de Quiroga. Na festa deste lugar, escoitou o grupo de música tradicional “Os Trinta de Trives”, e logo pediralle ao seu pai que lle ensine a tocar o clarinete; cando o mozo xa dominaba o instrumento formou un quinteto, xunto con seu pai e tres amigos da familia. Tiñan un repertorio variado, que combinaba o concerto e o bailable.

O gupo chamouse “Os Celtas de Paradaseca”, e tivo moito éxito na zona e arredores.

Dado o seu interese pola música na súa mocidade, Carlos iniciou estudos con diversos profesores da



O Penelo. FOTO VIDAL. CEDIDA POR PEPE MONDELO

contorna, ata que no ano 1951 regresou definitivamente a América, onde vivira na súa infancia. Neste lugar continuou a súa recuperación musical das pezas tradicionais da zona quiroguesa e dos arredores. Nos Estados Unidos creou varias formacións, que tiveron unha gran aceptación (grupos tradicionais, unha orquestrina e, despois de xubilado, mesmo promoveu a creación dunha big band de jazz).

Carlos Rodríguez tamén foi un home comprometido coa realidade social e política da República, polo que, tras o golpe de Estado, tivo que agochase moito tempo nunha cova, sen deixar por iso os seus estudos musicais.

Noutro ámbito musical atópase, que se iniciou no mundo da música grazas ao seu tío, que a animou a probar esta faceta, aprendendo co señor Alfredo, na Pobra do Brollón.

Ela tamén formou parte dunha agrupación musical (“Las Perlitas” ou “As gaiteras de Bendilló”, segundo as fontes), con integrantes da súa familia e da súa aldea. Na época non era doado ver a unha muller tocar a gaita, pero onde actuaba era habitual que lle pedisen que interpretase algunha peza despois en solitario.

Pese a que tocou pouco tempo (cando casou aos 28 anos deixou a música), tivo unha gran sona posteriormente.

Cunha biografía parecida atópase, filla dunha parella de músicos (Avelino Parada, violinista coñecido como “O cego de Ferreiros” e a súa dona Flora Pombo, de boa voz e grande sensibilidade musical). Ela formou, xunto coas súas tres irmás e o seu irmán Arturo, a segunda xeración dos “Gaiteros de Ferreiros”. Despois, Arturo creou outra formación con veciños deles, e as irmás quedaron soas, polo que foron coñecidas como “As gaiteras de Ferreiros”. Esta saga de músicos aínda formaría outros grupos de música tradicional, en vindeiras xeracións: Arturo e o seu fillo Xosé Parada formaron parte de “Os Veltas de Ferreiros”, por exemplo. Tamén un fillo de Carmen, a gaitera de máis sona da familia, tocou a gaita. Aínda hoxe hai unha forte tradición musical en Ferreiros.

Tamén tivo sona na zona o gaitero, que tocaba no ferrocarril no percorrido de Monforte a Ponferrada. Aínda que o seu repertorio era escaso, e tiña tendencia a darlle golpes de máis ao bombo, era moi querido pois amenizaba o traxecto e as esperas aos viaxeros. Acompañábano, en ocasións, a muller e os fillos, con percusión. Ademais de seren un antecedente dos músicos urbanos nos medios de transporte, tamén tocaban ás veces en eventos festivos, e facían os tradicionais cantos de Reis polo Nadal. Era de San Pedro de Ribas de Sil, lugar onde aínda hoxe forma parte do imaxinario popular.

No que se refire á presenza da tradición popular oral, na zona atopamos a figura dos brindadores, coñecidos noutros lugares de Galicia como regueifeiros, que se desafiaban mutuamente empregando cantos e versos para dirimir as súas rivalidades.

Do lugar de Forgas, nas montañas de Brollón, eran, dous grandes brindadores que estaban na memoria das xentes da zona ata hai pouco.

Con esta modalidade músico-poética, os brindos (na súa orixe eran cantares de voda, pero tamén cantigas de divertimento e desafío), amenizaban festas, vodas e outros eventos populares. O serán completábase coa presenza dun gaitero ou algún conxunto musical, para o baile. A actividade dos brindadores comezaba contra a noite e moitas veces remataba ao amencer, ou mesmo horas despois, pois a retirada supuña declarar que o gañador era o outro. Cando se trababa dunha celebración que tiña lugar nunha casa, o habitual era que uns brindadores estivesen dentro, convidados, e outros, fóra. Estes últimos eran os que daban comezo ao desafío, no que se ían alternando coplas dos dous grupos.

Hai que engadir que os brindos ou regueifas (“Unha auténtica xusta poética, unha festa da palabra e do humor” segundo Pepe Mondelo) serían parte dun amplo conxunto de manifestacións do patrimonio de tradición oral existentes en todo o mundo, tendo o predominio da improvisación como principal característica común.



Os Celtas de Paradaseca. DESCOÑECIDO. CEDIDA POR PEPE MONDELO

ENTREVISTA BANDA FOLK DE RIBAS DE SIL

O prometedor futuro das corcheas do Val

A Banda Folk de Ribas de Sil é un grupo formado por varios rapaces/zas dos concellos de Ribas de Sil e de Quiroga, e dirixido por Roberto Castro. Trátase da nova formación, xa que antes deste existiu outro grupo. Varios dos seus membros estudan ou estudaron no IES de Quiroga.

REDACCIÓN / RIBAS DE SIL

Entre as súas actuacións salientan os concertos solidarios para axudar aos demais desinteresadamente. Os integrantes desta banda teñen actuado tamén en eventos como o aniversario da Radio Municipal de Monforte ou a Festa de Salcedo; e en diversos lugares como A Coruña, Mondoñedo ou Lugo. Actualmente o grupo está a realizar a gravación do seu primeiro disco. Ademais, a Banda atópase tamén a piques de comezar de novo unha xira, polo de agora tense previsto unha actuación solidaria o día 23 de abril.

A continuación, inclúese unha pequena entrevista aos membros desta formación.

Mario Quiroga

É un dos guitarristas do grupo, e afirma que lle gustaría dedicarse á música no futuro. **Estades emocionados co disco que estades a gravar?** Si, estamos moi emocionados pola gravación do disco. Porque é un proceso que leva moito tempo, moita horas de gravación e de edición, polo que nos sentimos orgullosos so que estamos a facer. Sen dúbida é complicado pero moi interesante.

Raúl González

É o outro guitarrista do grupo. Di que lle gustaría dedicarse á música anque a teña como unha afección, porque cre que para poder vivir dela hai que ser realmente bo, e pensa que aínda ten que mellorar.

Cantas horas ensaiades á semana?

Cando hai unha xira próxima, a diario; e cando non, entre dúas e catro horas por semana.

Nerea Peralbo

Toca a mandolina no grupo.



A banda nun dos seus moitos concertos solidarios. BANDA FOLK DE RIBAS DE SIL

Gustaríalle dedicarse a música porque lle gusta moito tocar e afirma que cando sobe a un escenario é coma se non fose ela e perde a súa timidez. "Vivir da música sería algo increíble para ela" di Nerea, porque é o que máis lle gusta, e nun futuro encantaríalle abrir unha academia de música e transmitir a súa paixón a outros nenos e nenas.

Ides actuar fóra de Galicia?

Polo de agora non, pero nun futuro pode que vaíamos tocar a Cataluña, Madrid ou Valencia. De calquera xeito, nós sempre imos facendo o que máis nos gusta, que é tocar, pasalo ben e facer que a xente se divirta connosco.

Alberto Losada

É o percusionista da banda. Gustaríalle dedicarse a música nun grupo aficionado, pero non vivir dela, xa que di que a cousa esta moi complicada, pero que si lle gustaría ter un grupo formado con amigos para expoñer a súa música por diferentes lugares, ou tocar nunha banda.

Cantos quilos de comida recadastes no concerto solidario no que máis cantidade se deu?

No concerto que máis recadamos creo que chegamos a case mil quilos de alimentos, e non me acordo en cal foi.

Lena Álvarez

É unha das teclistas do grupo, e di que lle gustaría dedicarse á música, xa que está a estudar piano na Escola de Música Moderna de Monforte de Lemos e ademais toca outros instrumentos como guitarra, batería ou ukelele, guitarra, batería, ukelele. "Tamén me gusta compondor", engade.

É doado compaxinar os estudos e a música?

O problema é que fago moito deporte e claro, todo xunto é bastante complicado. Pero vaimos ben no colexio polo que non é tan difícil en xeral. Téñome que organizar moi ben para poder compaxinar todo.

Uxía López

É a outra teclista do grupo que di, que non lle gustaría dedicarse a música profesionalmente pero si como pasatempo.

Hai bo ambiente no grupo?

Si, bastante bo.

Verónica Álvarez

É a frautista do grupo.

É fácil formar parte dun

grupo no que a maioría dos seus integrantes son rapaces/zas?

Pois hai días, moitas veces é divertido porque os rapaces son simpáticos, lévanse todos ben e hai un ambiente relaxado. Outras veces -por sorte menos- crispan un pouco porque perden o norte, non hai quen poida con eles e non conseguimos avanzar cos ensaios. Persoalmente, antes de decidir incorporarme ao grupo, estiven a dar voltas á decisión. Non son unha persoa moi neneira e tiña medo de non aturalos. Finalmente decidín que pesaban máis as ganas de volver tocar no grupo pero a sorpresa leveina cando, despois de pouco tempo con eles, deime conta de que eran rapaces excepcionais e doados de aturar. Por suposto, malia ser uns cantos anos máis vella, sintome completamente integrada no grupo. Trátanme de igual, se cadra cun pouquiño máis de respecto entre eles.

Brais Fernández

O baixista do grupo, gustaríalle dedicarse a música porque di que lle gusta tocar coa súa banda pero tamén disfruta facéndoo sen ela.

Cres que vai haber moitas vendas do disco?

Penso que se vai vender porque investimos nel moito tempo e traballo e iso a xente reconece.

Mario González

É o presentador e acordeonista da banda. Mario afirma que só viviría da música, se obtivese un salario suficiente como para vivir ben.

De que época son as cancións que tocadeis?

Pois hai de moitas épocas diferentes. Hai cancións, por exemplo, da época medieval, hai cancións bastante modernas... Está todo moi variado.

Roberto Castro

É violinista, gaiteiro, cantante, e ademais é o director do grupo.

Como é dirixir un grupo formado por rapaces e rapazas?

A parte máis importante da miña vida téñoa dedicada a traballar con rapaces. Debo de confesar que das actividades que levo feito, esta é a que máis satisfaccións me leva dado. Os rapaces son máis sinceros, nobres e en xeral máis sans do que somos os maiores; e é para min un pracer estar rodeado de xuventude. Ademais, concretamente, na banda folk engado a isto a miña paixón pola música, e polo tanto estou dobremente satisfeito do resultado desta agrupación que está a acadar moito éxito alá polos lugares onde actúa.

A maiores de todos eles, hai que ter en conta o labor de Guillermo Abraldes, técnico de son e de luces; e de Xosé Ramón Calvo, o anterior frautista, que por circunstancias persoais xa non forma parte do grupo.

(Entrevista feita por Mario González Castro, Aida Núñez López e Sofía Pérez Carballedo).

NIEVES RODRÍGUEZ PÉREZ, DEPORTISTA QUIROGUESA DE XIMNASIA RÍTMICA

«O máis importante non é gañar, senón que che guste de verdade o que fas»

Subcampioa de España da especialidade en 1988, na actualidade é mestra desta disciplina

REDACCIÓN / QUIROGA

Por que elixiches este deporte?

Porque aínda que este deporte non era coñecido, dúas nenas do meu barrio empezaron a practicalo e quixen probar.

A que anos empezaches?

Con sete anos.

Resultouche complicado?

Si, moi complicado. Empeza todo sendo un xogo pero despois converteuse en algo máis serio.

Onde adestrabas?

Nun patio-ximnasio do meu colexio.

Cantas horas?

Os primeiros tres anos só dous días á semana. Pero despois, a partir dos doce, todos os días da semana polo menos catro horas diarias.

Quen foi a túa inspiración?

Cando xa empecei a competir coincidíu cos Xogos Olímpicos de Seúl e había dúas ximnastas que me gustaban moito: Alexandra Timoshenko e Marina Lóbatch, sobre todo esta última.

Cal foi o aparato que mellor se che daba?


A pelota, gústame moito porque é un aparato moi elegante que che permite exhibir máis as túas condicións físicas.

Tiveches que sacrificar algo para chegar a subcampioa de España?

Ao principio non porque era como un xogo, pero algún teempo despois deixei de ter vida persoal. En canto saía do instituto tiña que ir a adestrar, non tiña tempo libre.

Que sentiches ao ser segunda de España?

Non o cría. Sempre fun unha muller que non confía moito en si mesma. Foi un shock. Pero o máis importante non é gañar senón que che guste o que fas. **Sentiches nalgún momento que non o podías conseguir?** Cada vez que competía. Sempre estaba moi nerviosa.



Nieves Rodríguez, con Ariadna, Lola e Débora, tres das súas entrevistadoras. ANTÍA RODRÍGUEZ

En que cambiou a túa vida ese título?

En xeral nada, deume moitos ánimos para seguir adestrando. Para a miña familia foi un gran cambio, sentíanse moi orgullosos de min.

Tiveches alguna mala experiencia?

Si, tiven malas experiencias, de

feito por eso deixei a ximnasia rítmica. A miña adestradora era moi dura, presionábanos moito. Controlaba moito o noso peso. Inda hoxe hai mozas que deixan de comer pola presión e acaban padecendo anorexia ou bulimia. Este é un deporte que require moito esforzo e hai que

alimentarse ben. Pero hoxe en día a miña adestradora e eu levámonos ben.

Hai moita rivalidade neste deporte?

Si, é o que fai mellorar as ximnastas pero hai que entendela ben: que haxa rivais ten que facer que nos esforcemos para superarnos.

A que idade te retiraches?

Aos 18, antes as ximnastas retirábanse moi pronto. Agora déixano máis tarde, incluso seguen adestrando despois. (Entrevista realizada por Ariadna del Pont, Vanesa Domínguez, Débora Fernández, Rubén López e Lola Rodríguez).

Deporte feminino en Quiroga

OPINIÓN

ARIADNA DEL PONT

O deporte feminino está tomando cada vez máis importancia, e Quiroga non ía quedar atrás. O concello quirogués conta cunhas escolas deportivas nas que participan tanto homes como mulleres, independentemente da súa idade. No caso do fútbol, o deporte maioritario, hai categorías por idade nas

que xogan nenas e nenos xuntos. Máis tarde, os rapaces van ó equipo de fútbol campo e as rapazas ao feminino de fútbol sala. Este actualmente atópase no terceiro posto da liga provincial de Ourense. O técnico, Andrés Novoa, tamén adestra as escolas deportivas. Outro deporte é a ximnasia rítmica, impartida pola nosa

entrevistada Nieves Rodríguez. Nel non hai división por categorías. Os adestramentos son pola semana e ao final do curso escolar realízase unha demostración do aprendido. Noutros deportes como o taekwondo ou o karate hai moita presenza de mulleres. E outros que desapareceron, como o voleibol, tiña un

equipo completo feminino, ou o básquet que tiña un de mulleres e homes. Por último están as prácticas de pilates e aerobio, nas que a maioría son mulleres. O deporte feminino en Quiroga está bastante desenvolvido e esperemnel os que no futuro haxa unha igualdade total, non só en Quiroga senón en todas partes.

"No voleibol hai que pór moito esforzo, pero tamén cómpre disfrutar xogando"

As quiroguesas Sofía Perez e Carolina Camino, convocadas por Galicia para o campionato de España sub-16

ADRIÁN VILARIÑO/QUIROGA

Dúas estudantes do IES de Quiroga, Sofía Pérez Carballido e Carolina Camino Fernández, acudiron o mércores 19 de abril ao campionato de España de voleibol, que se celebrou en Valladolid. Sofía xa asistira previamente (a mediados de marzo) a outra concentración, a de Soria, previa ao pre-europeo de Palencia, convocada pola selección española sub-16. As dúas xogan no Ribeira Sacra de Monforte.

O campionato de España finalizou o sábado 22 de abril. Carolina e as súas compañeiras da categoría infantil acadaron un sexto posto, mentres que o equipo de Sofía, xogando na categoría de cadete, quedou no quinto lugar.

- Cando e como empezastes a xogar a este deporte?

(Sofía) Empecei grazas a un profesor de Educación Física que tivemos no colexio.

(Carolina) Cando estaba en 2º de primaria empezoume a gustar xogar nos recreos cos meus compañeiros. Logo miña nai, ao ver que a min me

gustaba este deporte, apuntoume a esta actividade extraescolar. E, enseguida, un adestrador da Rúa, que ademais era o meu mestre de Educación Física, pedíume que xogase no seu equipo.

- Credes que vos dedicaredes profesionalmente a este deporte?

(Sofía) É moi difícil chegar a xogar profesionalmente, pero con dedicación e esforzo podería ser.

(Carolina) Si, gustárame moito.

- Alguén na vosa familia xa practicara este deporte?

(Sofía) Non

(Carolina) Miña nai xogaba a este deporte no colexio, nos recreos, pero ela dedicouse máis ao baloncesto.

- Como foi para ti xogar o teu primeiro partido?

(Sofía) No primeiro partido que xoguei enteiro sentíame moi nerviosa porque nunca antes fixera ningún tipo de deporte e temía facelo mal.

(Carolina) Acórdome de que eu era moi pequena, e non me daba conta de que era un partido. A min dixéronme: "Veña, pon esta equipación e sae aí a xogar". E eu non sabía que estaba a xogar contra



Carolina e Sofía, coa camisola da galega. SUSO MANTEIGA

outros nenos para competir, pensaba que estabamos a xogar coma se fose un xogo máis.

- Como é a relación coas compañeiras do teu equipo?
(Sofía) Nunca tiven ningún tipo de problema co resto de compañeiras.

(Carolina) Non teño ningún problema con ningunha das miñas compañeiras, é máis, lévome ben con todas, pero teño máis confianza con

algunha delas.

- Que lle dirías a alguén que se inicia neste deporte?

(Sofía) O único que lle podería dicir é que se de verdade lle gusta este deporte, que non o tome como un pasatempo, e que lle poña moito esforzo.

(Carolina) Tes que adestrar moito e ser a mellor en todo o que fagas, e loitar por ser a mellor, pero ante todo disfrutar do tempo que pases xogando.

"Aprendes cousas que non soen dicirnos nos equipos"

- Que sentiches ao saber que foras convocada pola selección española á concentración de Soria/Valladolid?

(Sofía) Sentíame orgullosa porque valoraron todo o esforzo que levo facendo nestes anos pero tamén sentía nervios porque alí hai un nivel moi alto e nunca xogara con xogadoras de tanto nivel.

(Carolina) Sentín moita felicidade, porque é unha gran oportunidade para min.

- Podes facer unha pequena valoración desa experiencia, tanto no personal como no deportivo?

(Sofía) A experiencia pareceume positiva porque personalmente eu son unha persoa á que lle custa moito falar con xente e puiden aprender que iso non soe ser bo. Deportivamente aprendín bastantes cousas que nun club normal non che soen dicir.

(Carolina) Para min foi unha experiencia moi boa. No personal porque coñecín xente contra a que xogo no campionato galego. E no deportivo foi unha ocasión de competir a un nivel máis alto, con todo o que se aprende diso.

CM Formigueiros: montañismo, solidariedade e cultura

AIDA NÚÑEZ/QUIROGA

O Club de Montaña Formigueiros é unha entidade fundada en Quiroga en xaneiro de 2014 por un grupo de afeccionadas/os. Recibe o seu nome do monte Formigueiros que é a máxima altura da serra do Courel. Hoxe en día ten 140 soci@s de toda Galicia.

O Club Formigueiros está adscrito á Federación Galega de Montañismo. O 5 de xaneiro do 2015 tramitáronse as primeiras licenzas federativas e na actualidade conta cun número de máis de 70 socias/os federadas. A entidade

finánciase cun pequeno aporte anual das/os socias/os; dabondo para pagar un seguro de responsabilidade civil e manter a infraestrutura.

As súas actividades son totalmente gratuítas e propostas polas/os seus integrantes. As saídas son pola zona de Quiroga, Courel, Asturias e León, pero tamén se visitaron o Parque Nacional dos Picos de Europa, o Parque Nacional de Ordesa ou Monte Perdido.

A parte de sendeirismo, tamén se fixo unha incursión na espeleoloxía e para este ano teñen previsto acudir ao descenso de canóns no Courel.

Tamén destaca a súa función solidaria: en 2015 participou nun proxecto de axuda a Nepal e en 2016 colaborouse cun roteiro a favor da asociación *Sonrisas Pelonas* de axuda a nenas/os con cancro. E no eido cultural organizou o Roteiro dos lugares do libro *Sonetos ao Val de Quiroga*, do poeta Manuel María, en colaboración co IES de Quiroga e a sección de linguas do CAFI de Santiago de Compostela.

Para difundir as súas actividades o CM Formigueiros conta cunha páxina web (cmformigueiros.wordpress.com) e cun activo perfil na rede social Facebook.





Saída desde o instituto. SUSO MANTEIGA



Lectura dun soneto á beira do río Sil. SUSO MANTEIGA



Lectura dun soneto na Ermida. SUSO MANTEIGA



Réplica do Crismón. SUSO MANTEIGA

Roteiro Manuel María e os *Sonetos ao Val de Quiroga*

SHEILA DOS SANTOS /
QUIROGA

Para a conmemoración do Día das Letras 2016, o IES de Quiroga promoveu distintas actividades sobre a figura do poeta chairego. As máis importantes foron colaborar coa Fundación Manuel María de Estudos Galegos e os concellos do val de Quiroga na reedición dos Sonetos ao Val de Quiroga, e promover co CAFI a organización dun roteiro para profesorado polos lugares aos que el facía referencia nesa obra. Despois realizouno o noso alumnado da ESO, como podedes ver nestas imaxes.



Lectura dun soneto. SUSO MANTEIGA



Casa abandonada da Ferreiría de Quintá (Rodela). SUSO MANTEIGA



Lectura dun soneto na parroquia de Hospital. SUSO MANTEIGA

Roteiros literarios quirogueses

Unha forma diferente de achegarse á comarca do Val de Quiroga a través de autores que viviron ou se inspiraron nela para crear parte da súa obra

CELIA DÍAZ NÚÑEZ / QUIROGA

Os roteiros literarios non son ningunha novidade e tampouco unha moda pasaxeira. En moitas cidades do mundo constitúen xa un importante ingrediente máis dunha oferta cultural que promove o turismo literario.

Desde hai varias décadas, os admiradores do  de James Joyce percorren cada 16 de xuño (Bloomsday) as rúas de Dublín seguindo os pasos dun dos protagonistas da novela, Leopold Bloom. Un plano da cidade amosa o itinerario e no pavimento márcase cunhas fermosas placas de bronce nas que se percibe a silueta de Leopold Bloom e unhas letras que recollen un fragmento da historia.

Algo similar sucede en Lisboa co roteiro que nos leva polos lugares, traxectos e afectos de Fernando Pessoa. Por poñer só dous exemplos ben significativos.

Moito máis preto de nós, Ourense conta desde 1997 co Roteiro da Esmorga de Eduardo Blanco Amor: dez placas de cerámica indican os espazos urbanos que constitúen o itinerario dos tres protagonistas da novela. E este mesmo ano acaba de inaugurarse o Roteiro Carlos Casares: vinte placas colocadas en distintos puntos da cidade identifican os lugares que forxaron a vida e a obra do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017.

Por outra parte, a publicación de *Todo esto te dará*, obra gañadora do premio Planeta 2016, contribuíu a difundir entre os lectores españois e galegos os escenarios da Ribeira Sacra.

Dolores Redondo felicítase nunha entrevista polo incremento de visitantes que a súa novela reportaría á zona,



Vides coa Ermida de fondo. CARLOS RODRÍGUEZ



Participantes nun roteiro pola comarca. CARLOS RODRÍGUEZ

ao que evidentemente tamén contribúen outras obras de autores galegos igualmente localizadas nese espazo xeográfico (as de Xabier Quiroga ou Manuel Veiga, por exemplo).

Deste modo, Dublín, Ourense ou a Ribeira Sacra poden exhibir polo mundo adiante con orgullo a súa condición de territorio literario.

E Quiroga?

Quiroga e o Val do Sil constitúen, como xa é ben sabido, un espazo amplamente literaturizado por moitos e significados escritores: Ernesto Guerra da Cal, Ánxel Fole, Eduardo Moreiras, Manuel María, Xulio L. Valcárcel... Hai moito material, pois, para poñer en marcha roteiros literarios. E, afortunadamente,

a iniciativa xa está en marcha. O pasado ano estreouse o dedicado a “Manuel María e os sonetos ao Val de Quiroga”, grazas a unha magnífica colaboración do CAFI, o IES de Quiroga, o Concello de Quiroga e o Club de Montaña Formigueiros, e estou convencida de que outros novos percorridos hanse de ir sumando no futuro.

Hai que sinalar igualmente as “Casas Literarias”, das que nós temos unha importante representación, e hai xa un proxecto ao respecto no que colaboran o IES de Quiroga e o Concello de Quiroga.

Pero tamén hai outras propostas de interese que paga a pena salientar. E voume referir ao **World Literary Atlas**, o primeiro atlas literario universal interactivo, no que eu participei creando a versión galega. O seu obxectivo é rescatar o patrimonio literario de todas as cidades, vilas e lugares do mundo. No noso caso, e entre todos, podemos crear o mapa literario quirogués. Trátase de acceder á páxina web e escribir novas entradas con textos dos nosos autores que conteñan descrições de lugares, citando a fonte da que proceden (título, autor, xénero e data); temos ademais a posibilidade de xeolocalizalos e engadir unha imaxe. Esta é outra maneira de dar visibilidade ao noso concello e, ao tempo, de difundir a nosa literatura polo mundo.

O Val de Quiroga: paraíso das letras

Catro ríos apertan o val cal se fora o paraíso bíblico. O Sil, hoxe domesticado polos encoros, pasea manseliño e maxestoso como unha carroza rexia do Barroco. O seu calmo rumor arrolou os meus soños infantís, sombra fuxidía dunha idade feliz. Pola dereita recibe a friaxe gorenteira do Soldón que baixa dende as ladeiras da Golada, preto do Soldón da Seara, escondida entre a umbría souteira.

XOSÉ ESTÉVEZ / QUIROGA

Pola mesma banda, no adro do val, o río Quiroga, xa remansado en Campos de Vila, debrócase derreado e canso de carrexar o lodo das louseiras dende Pacios da Serra.

Máis adiante, o troiteiro e cantareiro

Lor, estratexicamente celado por esculcantes castros, tras o desleixo das terras caurelás, verque maino o galano do seu caudal en Augasmestas.

Pero o Val de Quiroga non só é un paraíso xeográfico, senón tamén un edén para os escritores que o enfeitizaron. Mesmamente ao río Lor o escritor queirogués, Eduardo Moreiras, nado no curruncho máis enxebre de San Martiño, A Praza, dedicoulle a súa mellor obra narrativa: "Primaveira no Lor".

Anxel Fole, no limiar da curta peza teatral "Pauto do demo", deixou unhas maravillosas páxinas verbo do val e as súas xentes, ateigadas dese especial senso narrativo, sinxelo, engaiolante, etnográfico, descritivo e sutilmente humorístico como só el sabía esmiuzar. Moitos contos inseridos en "A lus do candil" reflicten a realidade, máis tristeira e escura que nostálgica, dos anos pétreos da posguerra e as experiencias de Fole durante a súa estadia no pazo da Veiguiña, propiedade dos Quiroga.

Ernesto Guerra da Cal, finado na cidade de Lisboa o 27 de Xullo de 1994, viviu de neno en San Martiño. As peripecias da Guerra de 1936 obrigárono ó exilio neiorquino; pero a longa sombra do paraíso perdido queirogués, gardado no curruncho máis sensible, quente e cordial da súa alma, acompañouno até os derradeiros días da súa vida mortal. Para o gran polígrafo, Don Ramón Otero Pedrayo, o poemario Río de sonho e



Vista da casa onde viviu Ernesto Guerra da Cal. CARLOS RODRÍGUEZ



O autor do artigo dando explicacións nun roteiro. SABELA GARCÍA

tempo simboliza o feiticeiro Sil e Lúa de alén mar lembraría o reflexo do astro nocturno sobre o devandito río, que se apodera dun amplo espazo no medio do val. Guerra da Cal ficaría xunguido para sempre á Patria galega ó través da señardade matricial da corda umbilical quiroguesa, a vila Verdemar. Ernesto escribiu poemas tan emocionantes e telúricos como estes.

*"AI, MEU SIL
meu meigo río
que tinhas os olhos verdes
e donairoso o feitio.
Lúa do Sil
lua loira
que doce e souril me olhavas
e segredar-me
entre a boira
Pelos salgueirais do Sil
cantavam os melros mil
Quem pudesse novamente
ouvir seu canto gentil!"*

*Quem outra vez escutasse
seu magoante cantar
e entre ervas e madressilvas
se deitasse
-só um instante!-
cara à lua
no luar!
Ai, minha lua
meu rio!
Quando dentro em mim vos
sinto
Que pungir tao doentio!
E o prazer*

*-tao amargo de gozar-
de saber que além da morte
convosco hei-de ir descansar
e ter meu final pousio!"*
Tras este canto lírico ó río, describe Guerra da Cal, con habelenciosa concisión, a vila de San Martiño, glorificándoa coas cores dun Verdemar:
*"RUAS ESTREITAS
Casas brancas
Tarde triste
Soportais
Céu de chumbo
Dondo orvalho
Melanconias outonais
Negras sotainas de cregos
e dos nenos o cantar
<<... virá pela Páscoa
ou pela Trindá.....>>
Aboiando-me no espírito
impossível de afundar
tenho os teus mastros na
alma
e nos olhos a embalar
sonhos de infancia perdidos
pelas esquinas do ar
Lene lembrança de algures
onde nao morei jamais
memória nunca vivida
que teima em nao me
deixar
como eu te amo
distante*

*Verdemar!
Como quero um dia sem noite
para sempre a
ti voltar!''.*

Conxuga Ernesto Guerra da Cal o simbolismo calmo e vitalista da auga dos ríos Sil e Lor co cromatismo galador da primavera neste poema:

*"DO LOR AO SIL
que verdor
de orvalho
no mes de Abril!
Do Sil ao Lor
que
tremor febril
de cor
ouro, esmeralda e anil
no langor
já de flor primavera
do
sol-por!
Do Lor ao Sil
em
Abril
que
rumor
de um orvalhar
de águas
mil!''.*

Máis recentemente Fernando Díaz-Castroverde, neste poema titulado "Inverno", lembra o Sil e o Lor:

*"ANEGUENSE os ríos,
meus ríos Sil, Lor, Sar
estoren en ouro e peixe."*

Manuel María, emporiso, é o gran bardo da bisbarra co seu libro Sonetos ó Val de Quiroga, que tiveron a sorte e a honra de enxergar o adro e o falecido Xosé Teixelo "Pin" o honor de ilustrar con debuxos vinculados ó tema de cada soneto. O ano pasado, co gallo da dedicatoria das Letras Galegas a Manuel María, este libro foi reeditado, engadíndolle belidos debuxos dos nenos e nenas de Quiroga. Persoalmente, entre tódolos poemas inseridos no libro, son moi parcial do penúltimo da obra. Nel mestúrase en harmónica tenza: luz nocturna, luzada diúrna, música paxareira, recordo, ilusión, fantasía, lampexo vital e amor: *"QUIROGA, miña queiruga montesía,
escura razón de ser do meu cantar:
eres moito máis fermosa con luar
que escintilando á luz do meridía.*

Eu sempre te quixera



Casa da Veiguiña, onde viviu Ánxel Fole. CARLOS RODRÍGUEZ

*contemplar
como unha fonda, sinxela
melodía,
o mesmo que a canción da
cotovía:
pura nostalxa perdéndose no
ar.*

*Tíñate na lembranza,
adormecida,
mistura de realidade e ilusión,
como terra soñada e
prometida.*

*Tí déchesme una amor: esta
ferida
que lle obriga a latexar ao
corazón
e a manter alcendida a propia
vida''.*

Uxío Novoneyra, nado en Parada de Moreda ó pé da devesa de Rogueira e autor dos rextos e barudos Eidos, ollou con fartura dende a altura do Alto do Boi as belezas do val. Apoltronado no asento do canseiro Chévroilé guiado polo "Coles", nun lacónico alporizamento conceptista, sentenciou: ¡Quiroga é un viño!.

D. Ramón Cabanillas, no seu libro, A Rosa de cen follas, enfeitiza o amor das aureanas, bateadoras do ouro no río, con este poema:

*"As áreas de ouro,
aureana do Sil,
son as bagoas acedas
que me fas chorar ti.
Co-as que collas no río,
aureana do Sil,
mercarás, cando moito,
un amor infeliz.*

*Para dar c-un cariño
verdadeiro, has de vir
enxoiarmas nos ollos,
aureana do Sil''.*

Pura Vázquez, grande poeta e Premio Trasalba, viviu de nena en Quiroga, cando o seu pai era administrador de Correos. Máis tarde lembrará tamén o Sil neste poema, inserido no xornal compostelán La Noche, en 1949.

*"Miñas soidás
no berce do Sil,
c-un sol que de gromas
y axud-a a vivir.
Miñas soidás
mais fondas sin ti
e-o peito m-afogan
nun soave sufrir:
Páxaros, rapaces...
Alá, lonxe, o Sil,
que quer entr-escumas
levarm-unda ti,
levarme cantando,
morrendo, co il.''*

Non silenciaron o rumor do río Sil nin Federico García Lorca, en "Nouturnio do adolescente

morto", un dos seis poemas galegos, inspirados polo seu amigo Ernesto Guerra da Cal. Tampouco esqueceu Manuel María o río Sil no libro de versos "O Miño canle de luz e néboa" con este poema titulado "Fala o río Sil".

*"Porque eu nacín tan lonxe
quero morrer galego.
Teño posta a lembranza
no lugar de Cuetos Altos
onde teño fundamento.
Logo as hortas do Bierzo,
de Covas e Pardollar:
¡Terras metidas en min
que non se me esquecerán!
Formo e conformo a paisaxe,
arrolo o viño na vide,
conmigo levo a saudade
de moitos pobos e vilas:
¡Pumares e Val de Orras,
Montefurado, Sequeiros,
Quiroga, San Clodio, Rairos,
Nogueira, Amandi, Pombeiro!
Bibei, Soldón, Lor e Cabe
traénme, no seu caudal,
ledas cancións que compiten
coa ave mais principal.
Chego, por fin, ós Peares
para poder descansar:
o Miño bótame ó lombo
e sen máis... ¡Lévame ó mar!''*

Henrique Rabuñal, no seu poemario "O tempo demorado nos marmelos", editado por Espiral Maior, nun longo

memoriam" a Pedro González Pérez lembra as andainas por terras quiroguesas e courelás. *"Pia Páxaro,
Formigueiros, lembrás,
Pedro,
as crianzas ao lombo
monte arriba,
ou bebendo-lle a Quiroga
o viño,
suando-nos o outono na
alma,
e sendo ti o rei Alarico e o
Boi do Córpus
e os magostos unxidos en
frio limpo....''*

Aínda habería que citar outros escritores. D. Santiago Prol Blas, casado cunha Taboada, mestre de moitas xeracións de quirogueses, escribiu, a comezos do século XX, un pioneiro traballo verbo de Rosalía de Castro, moi eloxiado polos tratadistas da nosa grande poeta. O xesuíta Pai Luis Losada Prada, catedrático de Filosofía da Universidade Salmantina, nado en 1681 en San Vitoiro, parroquia da Ermida, e finado en Salamanca en 1748, escribiu máis de 90 obras, entre elas un satírico "Entremés del borracho", onde fai gala de dominar extraordinariamente o don da poesía. Daniel Nogueira, nado en Carballo do Hospital, emigrante en Bos Aires, fondamente galeguista, presidente dunha asociación "Unión Quiroguesa", con máis de 400 afiliados, procedentes dos concellos de Quiroga, Ribas de Sil, Courel e Pobra do Brollón, escribía de temas económicos e agrarios colaboracións moi interesantes en xornais e revistas da capital arxentina como A Fouce, da Sociedade Pondal. E D. Miguel Rodríguez Chaos, mestre de San Xulián de Abaixo, enviaba excelentes artigos verbo de costumes, tradicións, ritos e festas a periódicos de Bos Aires.

Visita á Casa das Ciencias e a unha exposición na Coruña

CARLOS GLEZ. / QUIROGA

A comezos deste curso, alumnado de 3º, 4º de ESO e Bacharelato fomos á Coruña para visitar a Casa das Ciencias e a exposición temporal “A ciencia e a tecnoloxía da luz”. Primeiro dirixímonos á Casa das Ciencias e, en concreto, ao Planetario. Alí ensináronnos a recoñecer constelacións, estrelas e planetas que podemos ver no ceo, segundo a hora da noite e a época do ano, e comprobamos o movemento dos astros na bóveda celeste. Logo percorremos o edificio para experimentar con todos os trebellos que hai nel, e logo de rematar a visita dirixímonos cara o Centro Ágora, sé da exposición “A ciencia e a tecnoloxía da luz” organizada por Igaciencia (Institución Galega de Ciencia). Esta exposición constaba dunha parte divulgativa e outra práctica. Na primeira, explicáronnos a natureza e características da luz ao tempo que nos amosaban os paneis informativos de salas e corredores. A segunda parte consistía na experimentación coas múltiples posibilidades que ofrece a luz. Observamos o funcionamento dun robot programado para seguir a luz, gafas de realidade virtual, aplicacións para móbil de realidade aumentada, lectores de códigos de barras, ou instrumentos baseados en espellos coma o calidoscopio. Os efectos ópticos eran o conxunto máis importante e curioso desta sección.



Un momento da visita. M.S.

Mini e Mero fixéronnos cantar e emocionarnos na súa visita ao instituto

Tiveron un especial recordo cara a Manuel María co gallo de lle ser dedicada a edición do pasado ano do Día das Letras Galegas

GRUPO 3º ESO / QUIROGA

O 25 de outubro tivemos unha actividade especialmente divertida e chea de emocións. Foi un concerto protagonizado por dous excompañentes do grupo “Fuxan os Ventos”, Mini (Xosé Luis Rivas Cruz) e Mero (Baldomero Iglesias Dobarrio). Antes do concerto prestáronse a unha entrevista con alumnado do Club de Lectura. Nela faláronnos do mundo da música en xeral, e do seu traballo en particular. Tamén nos deron a súa opinión sobre outros temas, como un que nos afecta directamente, que é a educación.

Foi un concerto mestura de cancións protesta da época de “Fuxan os Ventos” e posteriores, cancións tradicionais e tamén do seu repertorio. A posta en escena foi sinxela, nada máis que coas súas propias voces e guitarras, aínda que nalgún momento tamén tocaron unha zanfona. Con esta proposta sinxela pero



Actuación de Mini e Mero no salón de actos do instituto. SUSO MANTEIGA

atractiva foron levando ó público nunha viaxe por diversas cancións, facendo breves introducións antes de cada unha, falando de temas variados, o que tamén nos axudou a aprender cousas

que non coñeciamos sobre eles; e fóronnos contando anécdotas que facían o concerto moi entretido. Non faltou a lembranza a Manuel María, poeta ó que coñecían persoalmente, e

do que no curso pasado o noso instituto colaborou na reedición dos “Sonetos ao Val de Quiroga”. En recordo a el interpretaron unha versión musical do poema “O carro”.

Moitas actividades para practicar francés

PAULA QUIJADA / QUIROGA

O pasado mes de novembro os alumnos e alumnas de francés fixeron unha saída ao Teatro Principal de Ourense para ver unha versión teatral de “Le petit prince”, a famosa novela curta de Antoine de Saint-Exupéry, saída que repetirían en febreiro para neste caso veren “Le malade imaginaire”, de Molière.

Antes do Nadal, púxose en marcha na aula un concurso de marcapáxinas. Cada un debía levar escrito unha frase literaria en francés por un lado e polo outro, o mesmo texto ía en galego. A gañadora foi Emma Casanova (2º ESO). Coa chegada do Nadal, o alumnado elaborou postais

con debuxos relacionados co vocabulario desas datas. As postais debían incluír a linguas galega e francesa. Todas foron recollidas para a creación dun dicionario ilustrado francés-galego. O 30 de xaneiro, Día da Paz, as alumnas de 4º ESO ensinaron aos de 1º ESO a elaborar pombas de papel. As pombas debían incluír mensaxes co vocabulario aprendido en francés. Unha vez feitas, foron colgadas na entrada principal do IES de Quiroga. Tamén debuxaron na aula de francés unha gran pomba que foron enchendo con pombas máis pequenas nas que o alumnado escribía unha palabra alusiva á paz.



Alumnado que asistiu á obra de teatro. CHELO PÉREZ

Polo San Valentín os alumnos/as estudaron o vocabulario do amor, da amizade, os símbolos, “les mots doux”, que se intercambiaban as persoas para expresaren os diferentes tipos de amor (maternal, de parella, de amizade...). Fixéronse

pequenos corazóns onde se escribían “des mots doux”, facendo con todos eles un gran corazón rodeado por dous Cupidos. Tamén se realizou un mural cunha margarita, na que se escribiu en cada pétalo un adverbio de intensidade.



Diante da Casa de Hortas, hoxe Casa-Museo de Manuel María, con Fran Rei. EVA TEIJEIRO

Un percorrido literario polas contornas luguesas

Alumnas e alumnos do IES de Quiroga tivemos a ocasión de visitar a Casa Museo de Manuel María e lembrar ao escritor recentemente falecido Agustín Fernández Paz

EMILY GONZÁLEZ, MARÍA GONZÁLEZ / QUIROGA

O pasado día 22 de novembro o alumnado do Club de Lectura do Instituto de Quiroga tivo a ocasión de visitar a Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei (Lugo), aproveitando tamén para dar un breve paseo por parte da vila para ir ata o cemiterio, e posteriormente desprazouse ata o lugar de San Clodio, onde fixemos a comida nunha casa ("Vida de Aldea") dedicada a diversas actividades.

A visita á Casa-Museo comezou cunha pequena introdución do guía, Fran Rei, e coa proxección dun vídeo de Manuel María falando. Isto foi na planta baixa, no que se correspondía anteriormente coa palleira.

Logo de ver o vídeo, continuamos o percorrido pola casa. Fomos vendo as distintas habitacións, cunha pequena explicación do guía en cada unha. Primeiro vimos o dormitorio, coa súa cama e outros obxectos que pertenceron ao autor. Despois



Na tumba de Manuel María.

ALICIA CHAO

pasamos á sala de estar onde permanecen uns anteollos seus e algunha das navallas, aínda que esta colección está exposta noutro lugar da casa. No despacho está o seu escritorio con algúns libros dedicados e outros obxectos, a súa máquina de escribir e moitos dos seus libros colocados nunha estantería. Noutra das salas, están explicadas as súas experiencias, vivencias e biografía. E na última, están expostos todos os libros que escribiu. Na zona da entrada

principal da casa está a tenda e a actual biblioteca co resto dos libros e documentos.

Cando rematamos esta visita, fomos ata o camposanto onde lemos algúns dos poemas de Sonetos ao Val de Quiroga ante a tumba do autor.

Fundación Manuel María

A constitución da casa familiar de Manuel María (Casa de Hortas) en museo tivo lugar no ano 2013, grazas á colaboración da familia do poeta e ao labor da Fundación Manuel María de Estudos Galegos (creada en 2007 para manter o legado e a memoria do poeta).

Conseguíase así respectar a vontade do autor e localizar nun único espazo significativo a totalidade da súa produción literaria e outros elementos de grande valor que deixou como herdanza a certas institucións e particulares.

Dende a súa creación, a Fundación leva desenvolvido un amplo labor de difusión da obra (con moitas reedicións) e da figura do autor chairego. A programación cultural da Casa-Museo é outro exemplo disto.

Un proxecto no que todo se recicla a base de usar a imaxinación

"Vida de Aldea" foi creado por un veciño de San Clodio para levar a cabo diversas actividades

EMILY GONZÁLEZ, MARÍA GONZÁLEZ / QUIROGA

A continuación dirixímonos ata San Clodio, unha aldea preto de Lugo, onde un home nos permitiu cociñar e comer na súa "casa". Esta casa é un tanto peculiar xa que pasou de ser unha explotación gandeira a ser un espazo onde se celebran actividades de todo tipo.

O dono da casa traballou moito tempo nun proxecto ao que denominou "Vida de Aldea", onde a imaxinación está presente para todo, todo está reciclado e reutilizado: por exemplo, as luces do comedor reproducen o sistema solar, hai sillóns feitos de bidóns e palés, as columnas están recubertas de materiais e teñen formas de árbore...

Nunha parte de campo que ten preto da vivenda hai galiñas, ás que lles fixo tres corrais comunicados a través dun túnel baixo a terra. Nunha árbore que secara, aproveitou un oco no seu tronco para construír unhas escaleiras por onde subir a unha casetiña feita por el, "a casa da árbore".

Noutro dos seus terreos, onde ten vacas, fixo un camiño ata unha zona onde hai "animais

feroces", cos que te tes que cruzar para poderes chegar a un lugar oculto, un espazo misterioso que transmite tranquilidade. No camiño de volta á explotación hai un recuncho perfecto para a lectura: con estufa e uns sofás tamén feitos con bidóns. Alí aproveitamos para lermos fragmentos dalgúns libros de Agustín Fernández Paz.

Antes de voltar a Quiroga, os rapaces e rapazas visitamos ademais as hortas que o propietario do lugar, Xosé Ramón Rodríguez Iglesias, aluga ás persoas para que cultiven nelas o que queiran. O responsable desta proposta innovadora non só modificou a súa explotación gandeira (facendo máis atractivo o espazo que a conforma), senón que tamén mellorou algunhas cousas na contorna, pensando no ben dos seus veciños e veciñas. O terceiro dos seus obxectivos é contribuír dalgún xeito á mellora da sociedade cun proxecto persoal.

Pola nosa parte, cheos de novas ideas e despois de ver tanta creatividade só puidemos volver cun sorriso de felicidade na cara e encamiñarnos cara a Quiroga, logo da nosa visita á contorna de Lugo.



O noso alumnado en "Vida de aldea". XOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ



Cadros de Iago Sánchez e Adrián Vilariño. SUSO MANTEIGA



Cadros de Martín Fernández e Mario Quiroga. SUSO MANTEIGA



Cadro de Alberto Losada. SUSO MANTEIGA

Pintando a Mona... Lisa: versións de Da Vinci

LUZ M^a GLEZ /QUIROGA

No IES de Quiroga houbo, unha exposición de *collages* da Mona Lisa feitos por alumnado de 4^o da ESO. Elixiron este cadro porque moitos personaxes famosos estaban a facer as súas propias giocondas. O profesor coidou axeitado escoller a obra de Da Vinci xa que quería traballar esta técnica. Este é un retrato moi coñecido do que hai exemplos doutros artistas, que xa fixeran a súa propia recreación do cadro. Así podía ensinalles modelos aos meus compañeiros/as para darlles ideas.



Cadro de Paula González. SUSO MANTEIGA



Cadros de Pedro Sánchez e Aarón Esteves. SUSO MANTEIGA



Cadros de Luís Emilio Núñez e Sheila dos Santos. SUSO MANTEIGA

As medias ilustradas de E. Pardo Bazán

A colaboración interdepartamental permitiu poñer imaxes a un relato no que a escritora coruñesa aborda de xeito maxistral un episodio de maltrato á muller

L. EMILIO NÚÑEZ / QUIROGA

O alumnado de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 4º da ESO ilustrou o relato "Las Medias Rojas" de Emilia Pardo Bazán seguindo as indicacións do profesor da materia. Este traballo levouse a cabo durante dous meses aproximadamente.

Primeiro comezamos acudindo á biblioteca a documentarnos sobre como ilustrar un texto. Dividímonos en grupos de tres para buscar libros: cada un de nós tiña unha función concreta (un buscábaos, outro tomaba notas de distintos datos sobre o exemplar e valoraba as súas ilustracións; o terceiro recreaba un dos debuxos elixidos de cada volume).

A continuación, cada grupo fixo unha presentación sobre as distintas técnicas de debuxo (lapis de cores, témperas, acrílicos, tinta e acuarela) e logo expuxémola ante os demais compañeiros de clase, os cales valoraron o noso traballo mediante unha rúbrica (sistema de avaliación) que nos proporcionou o profesor.

A seguinte fase consistiu na división en escenas do relato, pois cada membro dun grupo encargárase de debuxar unha parte determinada. E así, cada



Proceso de ilustración dunha escena do relato. FRANCISCO JAUREGUÍZAR

un comezou cos esbozos das escenas correspondentes, a lapis e utilizando varios folios como borradores. Despois, coa axuda do profesor, eliximos os mellores que estaban mellor e reproducímolos nunha lámina Din A3; cada un deles con distintas técnicas de debuxo (acuarelas, lapis de cores e tinta china).

Ao rematar as láminas, pasámolas a formato dixital

para que ter unha copia e poder modificalas.

Cando rematamos o traballo, había catro versións ilustradas do conto, unha de cada grupo. En xaneiro visitamos a Casa Museo de Emilia Pardo Bazán. A directora pareceu interesada nenas ilustracións e falou de dunha posible publicación. O profesor da materia encargouse da maquetación das láminas, relacionando cada debuxo co

fragmento do relato ao que fai referencia.

O noso traballo xa foi enviado á Casa Museo para que lle fagan os últimos retoques e finalmente o publiquen.

Poucas veces temos a oportunidade de participar nunha publicación, así que esforzámonos moito. Estamos satisfeitos co noso traballo e esperamos que ao público lle encante.

A autora do relato

LUZ Mª GLEZ / QUIROGA

Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-Madrid, 1921) Foi una gran narradora e precursora do feminismo. Era dunha familia nobre, polo que recibiu o título de condesa, casou aos 17 anos, pero comezara a escribir moito antes. Esa, xunto coa lectura, foi a súa gran afección.

A súa orixe permitiulle non cingirse ao que se esperaba dunha muller nesa altura; viaxou moito, tivo unha cátedra e relacionouse con grandes intelectuais da época.

No ámbito literario, defendeu o naturalismo no ensaio *La cuestión palpitante*, obra que supuxo o xerme da súa separación, o que lle deu unha maior liberdade. Escribiu obras tan importantes como *Los pazos de Ulloa*, *La madre naturaleza*, *La tribuna* ou *Memorias de un solterón*. Ademais tivo presenza na prensa con diversos artigos e deixou máis de 700 relatos curtos, entre eles o que deu pé á nosa actividade.

Aínda que escribiu en castelán, foi unha das promotoras da RAG (que ten a súa sede no mesmo edificio que a súa Casa-Museo, na Coruña).

Donas de si

LOLA RODRÍGUEZ E DÉBORA FERNÁNDEZ / QUIROGA

O alumnado do IES de Quiroga participa no proxecto *Donas de si* da Consellería de Educación por cuarto ano. O obxectivo deste programa dirixido pola Secretaría Xeral de Igualdade é visibilizar as achegas das mulleres na sociedade, xa que non sempre son recoñecidas.

Cada ano participan 16 centros de secundaria de toda Galicia; a persoa coordinadora elabora un proxecto no que se propoñen distintas actividades

coas que se pretende mostrar as aportacións das mulleres contemporáneas na sociedade e na cultura galega.

Algunhas das propostas teñen continuidade durante máis dun curso, por exemplo, no noso centro fanse murais con figuras femininas destacadas en distintos ámbitos e hai un concurso para identificalas: é o "Dalles nome", que este ano está adicado ás mulleres nas artes plásticas, xa que o Día das Artes se conmemorou a Marija Mallo. Tamén se adquiren materiais específicos para a biblioteca e fanse

actividades para celebrar o Día das Mulleres Escritoras, o Día de Rosalía (este ano decorouse unha porta coa súa figura), o Día da Muller (no 2017 veu cunha actividade de Feminino Plural). Por parte da Consellería ofértanse tamén materiais monográficos sobre unha figura importante (Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, María Wonemburger) para levar ás aulas. Ademais, algúns anos promoveron saídas en relación con estas personaxes, ou obradoiros tecnolóxicos para fomentar a igualdade (é o caso deste curso).

Tamén veñen exposicións temáticas aos centros: este ano estivemos a dos Premios María Wonemburger, que era unha serie de carteis biográficos sobre mulleres que destacaron en ámbitos científicos e técnicos e desempeñaron un papel importante para a nosa comunidade. O alumnado de 3º da ESO deseñou unhas cuestións en relación para que os rapaces/as dos distintos cursos completasen tras visitala. Este proxecto parécenos interesante porque nos permite coñecer a personaxes importantes e valorar máis o labor que fixeron e fan as mulleres.

Unha hora de cómic con Xosé Tomás

O debuxante, autor de *Tolos* e *Nómades*, e ilustrador de numerosas obras doutros escritores/as, estivo no noso IES para conmemorar o Día da Ilustración

DAVID LÓPEZ, AARÓN ESTEVES / QUIROGA

Xosé Tomás estivo o 9 de febreiro dando unha charla-obradoiro ao alumnado da ESO. Na súa charla, falou sobre os cómics e a banda deseñada na actualidade (nomeou algúns autores moi coñecidos como Miguelanxo Prado), pero tamén da súa historia (e da súa orixe, que ten moita relación co cine). Explicou que non todos os cómics son iguais: hai diferentes xéneros e tipos;

tamén hai diferentes tipos de forma das viñetas, e dos deltas e bocadillos. Isto puxémolo en práctica cunha actividade en grupo.

Despois tamén nos mandou facer un "ditado" artístico, que consistía en que nós tiñamos que facer un debuxo coas características dos personaxes que el ía describindo.

A actividade gustounos moito, foi moi entretida e aprendemos que non todos os cómics son iguais e non todos teñen que ser humorísticos nin para público infantil.



Xosé Tomás cun exemplar de *Little Nemo*. EVA TEIJEIRO

Que pintan as mulleres na BD?

EVA TEIJEIRO / QUIROGA

Cando visitamos a exposición BDG70 na Coruña, o noso guía advertiunos que non íamos atopar alí materiais gráficos feitos por mulleres (na época non era habitual), pero anticipounos que agora había autoras e ilustradoras galegas facendo obras moi interesantes, tamén na BD.

Porén, non é fácil atopar novas da súa produción nos medios, pois, como reconece Kiko da Silva a actividade das ilustradoras e creadoras de BD en ten "escasa visibilidade". Talvez por iso "O Garaxe Hermético" está detrás da creación dos Premios Virxinia Pereira de Banda Deseñada, co obxectivo de introducir nela a perspectiva de xénero e visibilizar ás autoras. Na primeira convocatoria (2017) o premio honorífico recaeu en Emma Ríos, debuxante ben coñecida nos EEUU con obras como *Hexed* ou *Bella Muerte*; en 2016 publicou a primeira BD que tamén guioniza, I.D. e foi nominada aos premios Eisner (os Oscars do cómic). Non é un caso illado: as mulleres ilustran, fan guións e deseñan BD, e algunhas ata chegar a obter recoñecemento público (Marjane Satrapi, Rutu Modan, Cristina Durán, Lola Lorente...).

Pois iso, que fan o mesmo ca eles, pero menos á vista.

Portas literarias: Castelao e Rosalía

A biblioteca do centro, o EDNL e o Departamento de Educación Plástica e Visual promoven a decoración dos corredores con motivos literarios. Un alumno e unha alumna participantes nesta actividade en anos sucesivos, contan a experiencia

RUBÉN LÓPEZ, MARÍA GONZÁLEZ / QUIROGA

Este ano, para conmemorar o Día de Rosalía (24 de febreiro), no IES de Quiroga, decorouse unha porta coa súa imaxe. Parte do alumnado de terceiro da ESO, coa axuda do profesor de EPVA, pintamos a silueta da autora galega nunha das portas mellor situadas do centro, no corredor da planta baixa, moi preto doutra na que está a figura de Castelao.

Non foi un traballo doado xa que tivemos que seguir varios pasos para facelo: primeiro houbo que elixir unha imaxe da autora; despois o mestre ampliou a escala da imaxe para que fose o suficientemente grande. Logo descolgamos a porta para que fose mais fácil pintala; a continuación, usamos un carbón para calcar a silueta na porta e despois perfilouse cun pincel ese trazado. O seguinte paso foi encher o interior da figura con pintura deixando sen debuxar os detalles mais importantes e o texto do globo. Rematouse de facer ao día seguinte e acto seguido, puxemos de novo a porta no seu sitio para que todo o centro vira o traballo feito. Iso si, aínda non o asinamos!

Lembrando a Castelao

O curso pasado, un grupo do alumnado de artes plásticas, xunto co profesor da materia, creou un recuncho no que lembrar a este importante personaxe galego. O lugar elixido foi o corredor da planta baixa polo cal pasan todos os estudantes para ir as súas clases a diario; así dábaselle un novo uso a un espazo que non realizaba ningunha función: esa porta que hai en todos os

institutos que ninguén sabe a onde leva...

O proceso consistiu en buscar un retrato que representara moi ben a figura e as características principais do autor. Unha vez seleccionada a imaxe (unha autocaricatura feita por Castelao) houbo que pasala primeiro a unha folla A3 e trazar unha cuadrícula nesa folla e despois trasladala á porta na que se ía facer o debuxo. Isto fíxose a escala

para pasar o retrato respectando as proporcións e distancias. Para traballar mais comodamente houbo que desmontar a porta.

Cando estaba debuxado o retrato na porta pintouse o interior de cor negra.

Para rematar quedaba asinar e esperar a que secara para ver o resultado.

Agora hai un espazo para lembrar a este gran escritor e darlle mais vida ao corredor.



Os autores deste artigo e as portas literarias do noso IES. EVA TEIJEIRO



Manel Cráneo, autor galego de banda deseñada, exercendo de guía na nosa visita á BDG70. EVA TEIJEIRO

Viaxe polo cómic galego contemporáneo desde as súas orixes ata o día de hoxe

Estudiantes do IES de Quiroga realizaron unha visita guiada con Manel Cráneo a esta exposición aberta ao público na cidade da Coruña dende mediados de novembro ata finais de xaneiro

CARLOS GLEZ / QUIROGA

O pasado 20 de xaneiro os alumnos de 2º e 4º de ESO e os membros do club de lectura do IES de Quiroga realizamos unha saída á cidade da Coruña para vermos unha exposición sobre o cómic galego, visitar o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía e a Casa-Museo de Emilia Pardo Bazá e a Real Academia Galega.

A nosa primeira parada foi a sala de exposicións da Escola Normal de Maxisterio onde visitamos “BDG 70: A revolta do cómic galego”, unha mostra que xurdiu como resultado da investigación do filólogo galego Xulio Carballo sobre a Banda Deseñada Galega.

Alí fomos recibidos por Manel Cráneo, artista galego do cómic e da ilustración, que

Debuxar en tempos revoltos

Durante moitos anos (na ditadura franquista) todas as publicacións que se realizaban en España tiñan que pasar o control da censura da mesma maneira que todos os espectáculos en directo. Por iso, moitos autores vironse obrigados a buscar alternativas para fose menos evidente a mensaxe que querían transmitirle aos lectores con fin de que esta non fose censurada. No caso concreto do cómic, os autores da época tentaban facer referencia a situación real creando historias ambientadas en lugares fantásticos (como "O home que falaba vegliota" de Reimundo Patiño) ou no futuro ("Ratas" de Xaquín Marín), todo para que as súas viñetas poidesen ser publicadas legalmente e chegasen ao público.

ademais de ser un dos encargados de dirixir e deseñar a mostra nos serviu de guía durante o noso percorrido pola mesma.

A exposición consta de varios espazos nos que se tocan diversos temas relacionados coa banda deseñada galega. O primeiro módulo está adicado á orixe do cómic en galego, que data de 1971, cunha publicación de Xaquín Marín que levaba por título “O Emigrante”. Outra das zonas está ligada á temática da ciencia ficción e á figura de Reimundo Patiño e á súa obra “O home que falaba vegliota”. Ademais tamén teñen presenza as tiras protagonizadas por nenos, como é o caso da Sabeliña; o fenómeno da censura; a prensa e as revistas. BDG 70 foi un amplo percorrido pola historia da

banda deseñada e os seus principais autores, entre eles: Isaac Díaz Pardo, Miguelanxo Prado, Reimundo Patiño, Xaquín Marín ou Chichi Campos. Durante os case tres meses que estivo aberta ao público, a exposición recibiu un importante número de visitantes e realizáronse diversas actividades paralelas. Unha vez rematada a nosa visita a BDG 70, puxemos rumbo á casa onde naceu o 16 de setembro de 1851 Emilia Pardo Bazán, edificio que agora acolle a sede da Real Academia Galega ademais da Casa-Museo da escritora. Alí un guía falounos sobre a vida e obra de Emilia Pardo Bazán. A visita rematou no salón de actos da RAG, onde coñecemos máis datos sobre o traballo e historia desta institución.

(A Coruña, 1973) é un debuxante e ilustrador galego, formado na Escola de Arte Pablo Picasso e vencellado a Demo Editorial, que ten publicadas en solitario obras como *Os animais do mundo*, *Os animais do mar* (con guiño de Fran Amil), *Os animais do campo* ou *Os animais do bosque*. Participou na revista “Golfiño” e en cabeceiras colectivas como “BD Banda” ou “Barsowia”, e xunto con Kike Benlloch argallou o Colectivo Chapapote (en resposta ao desastre do Prestige publicou H2Oil, coa participación de numerosos ilustradores/as). Obtivo diversos premios polo seu traballo gráfico. Tamén ten experiencia no cartelismo, na publicidade e no audiovisual (foi o autor do libro de animación do filme "O lapis do carpinteiro").

Charla sobre prensa

O redactor de El Progreso Luis Antonio Rodríguez estivo no noso IES con motivo da Semana da Prensa para falar do funcionamento dun xornal

RUBÉN LÓPEZ / QUIROGA

O pasado 6 de marzo visitounos o xornalista Luís Antonio Rodríguez de El Progreso para contarnos de primeira man o funcionamento do xornal no que el traballa como delegado da sección Ribeira Sacra.

Ademais explicounos os distintos tipos de artigos que podemos encontrarnos no xornal (noticia, reportaxe, crónica e entrevista). Tamén nos dixo como os empregados do xornal se reparten o traballo dos distintos artigos para cubrir os sucesos acontecidos na súa zona (que inclúe bastantes concellos).

Por outro lado, deunos consellos para elaborar as noticias porque este ano o centro participa en Escola de Prensa. Falou da importancia do titular, como forma de empezar unha noticia, tanto para chamar a atención do lector como para transmitir información rápido; tamén fixo referencia aos “opinadores”,

lembrando que os periodistas son grandes innovadores lingüísticos.

Tamén nos lembrou a diferenza entre crónica e reportaxe, salientando que a crónica é de información xeral, mentres que a reportaxe permite tratar algún tema que non está tan de actualidade, profundizando nel.

Ademais, comentounos algúns aspectos das novas tecnoloxías no mundo da prensa, como por exemplo, os cambios que traen no traballo tradicional, un deles é que se aprecia na prensa dixital unha diminución do texto, buscando un maior impacto visual, o que fai gañar importancia á imaxe.

Por último, contestou ás cuestións propostas polo alumnado e profesorado presente.

Esta non foi a única actividade que se realizou no centro pola celebración da Semana da Prensa. Unha desas actividades foi a exposición de prensa internacional e de prensa galega.



Momento da charla. EVA TEIJEIRO



Exposición de prensa internacional. SUSO MANTEIGA

O resplandor en Manzaneda

ARIADNA DEL PONT / QUIROGA

O pasado día 20 de febreiro, os estudantes do IES de Quiroga pasamos un día na neve.

Acudimos á estación de montaña de Manzaneda, que destaca pola posibilidade de practicar snowboard e esquí nela, sendo esta última a actividade que practicamos durante todo o día.

Pese a que iamos coa idea de que habería pouca neve debido ás altas temperaturas que estamos a ter neste inverno, sorprendeunos que había suficiente para a práctica deportiva. Despois de equiparnos cos materiais apropiados para a actividade, esquí, botas e bastóns, montamos no famoso “telesilla”.

Cando estabamos nel as vistas eran impresionantes. Ademais tivemos a “sorte” de que, por motivos técnicos, o aparato se detivo, quedando parados no punto máis alto. Aínda que foron poucos minutos, deunos tempo de admirar a paisaxe e ata de sacarmos algunhas fotos. A continuación chegou o momento do curso de esquí, no que nos repartimos en grupos aprendemos cousas básicas como, por exemplo, a desprazarnos ou frear, e a deslizarnos polas pendentes. Tamén tivemos ocasión de aprender a montar nas “perchas” ou telesquí, onde tamén tivemos ocasión de amosar as nosas destrezas caendo, que todo forma parte da aprendizaxe deste deporte. Despois do curso, acudimos ao autoservicio para xantar e repórter forzas despois do esforzo da mañá, e logo, pola tarde, volvemos ás pistas, onde xa disfrutamos de total liberdade para poder practicar o aprendido e esquiar ao noso aire.

Esta excursión gustounos moito, a pesar das caídas e de que parte das pistas estaban pechadas por falta de neve, o que obrigaba a que non puideramos facer percorridos moi longos, pero a experiencia de probar este deporte foi moi boa. Espero que se repita!

Saída do departamento de Bioloxía

Visita a dous modelos opostos de produción no sector alimentario

DAVID GARCÍA / QUIROGA

O día 19 de abril, o alumnado de 3º da ESO, 4º da ESO e 1º de BAC tivo unha saída a Ourense para ver a fábrica de Aceites Abril e unha granxa ecolóxica. Pola mañá puideron ver a fábrica de Aceites Abril, na que lles amosaron un vídeo sobre a empresa. Ao rematalo, déronlles uns mandís e unha redécilla para poñer por precaución. Logo, estiveron cun catador profesional de aceites, que lles explicou as características dos tres tipos de sabores da súa produción; posteriormente probáronos facendo unha cata.

Para rematar a visita, viron o proceso de embotellamento: cartóns, caixas e etiquetas de moitas variedades de aceites, tanto os máis comúns (aceite

de oliva e xirasol), como outras que se ven menos nas tendas, por exemplo de soia ou de millo. As etiquetas eran de varios países, xa que Aceites Abril distribúe o seu aceite a diversos sitios do mundo. Ademais, viron diversos tipos de botellas e máquinas nas que se lles daba forma aos envases. Tamén lles amosaron un tipo de aceite envasado para utilizar en spray. Durante toda a visita ían con eles dúas guías que lles foron explicando tódalas cousas que ían vendo e dando resposta a preguntas.

Pola tarde foron a unha granxa ecolóxica que tiña o nome de “Casa da Fonte”, situada no concello de Ferreira de Pantón. Alí explicáronlles como recollían o leite e logo o transformaban en queixo;

tamén facían iogures. O sistema de explotación que teñen deixa as vacas libres, non están estabuladas. Levan pouco tempo en activo, así que están empezando, e venden os seus produtos ali, na propia

granxa, así como en pequenos comercios da zona, xa que non producen unha gran cantidade e non poderían abastecer a unha gran cadea de distribución ou a grandes superficies comerciais.



Cata de aceite en Aceites Abril. SUSO MANTEIGA

Aldaolado no IES de Quiroga

Con moito humor, promoveron a poesía e o uso do galego

PAULA GONZÁLEZ / QUIROGA

Durante a súa actuación no centro o 13 de febreiro, relataron historias da súa infancia, adolescencia e madurez; dende amores do pasado ata anécdotas da súa vida diaria de cando ían ao instituto, sen esquecer tamén as vivencias recentes da súa carreira como artistas.

Ademais recitaron poemas de composición propia e Lucía tocou e cantou cancións en galego, castelán e inglés.

Explicaron a colocación do pronome persoal átono no galego cunha canción de Rafael e Rocío Jurado; segundo Lucía ía cantando a canción, María explicaba o porqué da colocación do pronome en cada caso concreto.

Posteriormente tamén contaron historias sobre frases e graffitis que se encontran en paredes, pontes, túneles e demais lugares con posibilidade para a escritura. Algunhas incoherentes, outras con faltas de ortografía. A pintada á que lle adicaron máis tempo, foi a dun rapaz chamado Álex, que escribiu en moitos e diversos lugares: “Alex estubo aquí”. Tras contar esta anécdota en varios institutos, o tal Álex corrixiu o seu erro ortográfico. Con todas as pintadas curiosas que foron atopando (das que tomanron nota escribiron un gracioso poema (con erros de todo tipo), que recitaron tras rematar a historia de Álex.



Aldaolado actuando no noso instituto. EVA TEIJEIRO

Ao final da súa actuación repartiron uns versos soltos entre o alumnado presente, cos que pedazo a pedazo, foi xurdindo un poema "dadaísta". Así demostraron que a poesía se pode atopar en calquera sitio e de calquera maneira, e que non só son poesía os libros de poemas, senón que está no día a día máis do que imaxinamos.

Quen son Aldaolado?

empezou escribindo no Batallón Literario da Costa da Morte, en obras colectivas e outras. Despois participou noutras publicacións colectivas e antoloxías poéticas. Tamén traduciu ao galego varios libros de literatura infantil para a editorial Cumio. Ademais é narradora e actriz de teatro.

□□□□□□□□ (A Coruña, 1982)
é unha poeta e artista galega.
Iniciouse na poesía durante a
adolescencia, o seu éxito
levouna a ampliar as súas



Poema de retallos. EVA TEIJEIRO

actividades, como cantante e guitarrista ademais de escritora e animadora popular. Co DJ Diego Delgado comparte o proxecto musical AIDDo, que está a preparar un novo álbum. En 2005, María e Lucía xuntáronse para dar forma ao espectáculo poético “Onde esté un cubata que se quite un soneto”. Ambas constitúen o dúo Aldaolado, proposta escénica na que mesturan poesía, música, prosa e humor.

Conmemorar o Día da Muller dun xeito lúdico tamén é posible

Feminino plural

CLAUDIA JIMÉNEZ/QUIROGA

O 13 de marzo pasado viñeron Silvia Penide e Carla López ao noso centro para conmemorar o Día da Muller, co espectáculo “Feminino Plural”.

Quixeron amosarnos diferentes contribucións das mulleres ao longo da historia da música e da literatura.

Antes as mulleres non podían entrar en distintos espazos como as universidades; para poderen acceder a eses lugares tiñan que disfrazarse de homes: por iso o dúo empezou a súa actuación cun bigote posto. Tras explicar que agora as cousas cambiaron, quitaron o bigote e comezaron a tocar pezas feitas por mulleres.

Algunhas eran obras de galegas, como por exemplo a canción “Matriarcas” de Guadi Galego ou un poema sen título de Lucía Aldao (publicado en □□□□□ □□□□□ □□□□□□).

Outras eran pezas de autoras españolas: poemas de Gloria Fuertes (de “La oca loca”) e cancións como “Yo no soy esa”, de Mari Trini, “Salir corriendo” de Amaral ou “Andar contigo” de Julieta Venegas.

Ademais interpretaron varias cancións de bandas sonoras feitas por mulleres e unha versión en galego da canción de Patti Smith “Because of the night”, da que é coautora xunto con Bruce Springsteen.

Ao final da actuación o dúo animou o público a cantar con elas uns versos da Sés (“Non son fada nin princesa a quen mirar”), cantautora galega que o curso pasado deu un concerto no noso centro.

Esta actividade serviu para darnos a coñecer a distintas autoras. Silvia Penide e Carla López animáronnos, ademais, a buscar información sobre elas e outras creadoras.

**Silvia Penide e Carla López na súa actuación.** EVA TEIJEIRO

Gloria Fuertes: versos para todas e todos

CLAUDIA JIMÉNEZ, BEA V/QUIROGA

Este ano celébrase o centenario do nacemento da escritora Gloria Fuertes (Madrid, 1917 – 1998) e reivíndicase a súa obra como conxunto poético de calidade, para todos os públicos.

Gloria Fuertes foi unha das grandes poetas da posguerra española que combinaba nos seus versos a temática social e de denuncia co humor. A pesares de ser etiquetada como poeta infantil e xuvenil, a variedade temática e estilística da súa extensa produción demostra que escribiu para todo tipo

de lectores (poetas contemporáneos seus como José Hierro ou Gil de Biedma non o dubidaban). Ela dicía que escribía para os nenos/as cando estaba alegre e para persoas adultas cando lle daba o baixón, que acostumaba ser polas noites... e a maioría das veces.

A súa presenza na televisión (nun programa infantil) fixoa popular na rúa, pero tamén tivo a culpa de qu e a súa figura literaria ficase reducida a "poeta para nenos".

Entre as publicacións recentes que difunden a súa figura e a súa obra, hai

volumes tan interesantes como

,

ou

Por suposto, poemarios seus como

For *supuesto*, *poemas* seas como

[illegible][illegible]

de recomendable lectura.

Entre as moitas frases célebres desta poeta madrileña, escollemos esta para rematar esta breve reseña homenaxe:

“...Un niño con un libro de poesía
en las manos nunca tendrá
de mayor un arma entre ellas...”



Recomendacións da biblioteca. EVA TEIJEIRO



Outono na carballeira. CONCURSO FOTOGRÁFICO METEOQUIROGA

Meteoquioga: a medición do tempo no marco da actividade académica diaria

Este ano, o alumnado de 3º de ESO do noso IES, igual que nos tres anos anteriores, recolle datos meteorolóxicos durante boa parte dos os días lectivos do curso.

DAVID GARCÍA, SAÚL FERNÁNDEZ / QUIROGA

O proxecto Meteoquioga é un dos participantes no plan Meteoscolas, unha iniciativa conxunta das consellerías de Educación e de Medio Ambiente.

Os estudantes de 3º dividímonos en cinco grupos de dúas persoas e un de tres: isto débese a que nos alternamos cada semana entre os grupos para a recollida de datos. No primeiro recreo, o grupo ao que lle toca recoller os datos do tempo vai ao despacho do profesor de matemáticas a coller un medidor de pH e unha garrafa para gardar a auga que choveu durante o día anterior. Despois de todo isto imos á estación meteorolóxica, e unha persoa encárgase de apuntar todo o que o outro compañeiro lle vai lendo nos aparellos que hai na estación. Estes aparellos son : un pluviómetro, un medidor de humidade, un termómetro de máximas e mínimas e un medidor de pH que, á parte de medir o pH da auga recollida



Recollida de datos. SUSO M.

das precipitacións, tamén mide a súa condutividade. Todos os datos recollidos mándanse á páxina web de MeteoGalicia. Preto de final de curso, estes datos tamén se aproveitarán para a parte de Estatística na clase de Matemáticas. No noso centro temos unha páxina web onde amosamos información sobre Meteoscolas e onde subimos fotos para un concurso fotográfico do noso contorno feitas polo alumnado e profesorado (tamén se expoñen no instituto).

Os Plans Proxecta

Os Plans Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria son un conxunto de iniciativas de colaboración con diversos organismos coa finalidade de achegar ao alumnado unha serie de aprendizaxes, que poden verse a través de diversas materias e dunha forma diferente ao que soen ser as clases habituais.

Un dos alicientes destes programas é levar a cabo aprendizaxes dunha forma moi participativa e, polo xeral, obter un resultado final inmediato e tanxible máis alá da consecución dunha simple nota. As experiencias nas que os alumnos poden tomar parte son moi variadas e permítenlles ver unha aplicación directa e vida real das destrezas que van adquirindo durante o curso.

Ademais, tamén ofrecen posibilidades de formación e actualización para o profesorado, o que, finalmente, repercute nunha mellora de calidade do ensino.

No noso instituto querémonos máis

Unha forma de achegarnos por nós mesmos á aprendizaxe dos temas de afectividade e convivencia

VANESA DOMÍNGUEZ / QUIROGA

Un dos proxectos que estamos a realizar no IES de Quiroga consiste no asesoramento sobre temas de autoestima, educación afectivo-sexual, convivencia na clase, nas redes sociais e tempo libre e de ocio. O obxectivo deste programa é que nós, os rapaces e as rapazas, aprendamos a coñecernos. A aceptar a nosa sexualidade de forma positiva. Outro obxectivo é achegar información sobre a educación sexual nas aulas, tamén educar as habilidades que favorezan a nosa toma de decisións responsable para a comunidade e para un mesmo, achegar información sobre a seguridade da tecnoloxía, as prevencións de embarazos ou as ETS.

O equipo de Quérote+ (nome dun dos Plans Proxecta da Consellería de Educación) proporcionoulle ao centro un programa de traballo que está formado por catro bloques conxuntos para o profesorado e o alumnado: no primeiro presentouse o programa e faláronnos do amor, do sexo, da sexualidade, da erótica e da identidade sexual. No segundo bloque faláronnos de novo do amor, pero tamén da opinión que temos nós das relacións persoais e través

das tecnoloxías. No terceiro bloque faláronnos da erótica, os métodos anticonceptivos, as ETS, a prevención das mesmas e dos embarazos non desexados. Seremos nós, os alumnos e alumnas quen tomemos o mando no cuarto bloque, facendo un traballo final no que teremos que expoñer mediante unha presentación de powerpoint, vídeo ou canción sobre un tema a elixir dos que levamos vistos durante o curso.

As titorías que tivemos onde abordamos aspectos relativos á convivencia, a saúde sexual ou a prevención de riscos foron moi interesantes, xa que nos mostraron os riscos pero tamén nos ensinaron como mellorar certos aspectos das nosas relacións cos demais e como previr algunhas ETS. Tamén resolvemos dúbidas, fixemos debates, vimos vídeos, e elaboramos un cartafol en relación. Fáltanos aínda rematar unha presentación sobre estes temas para expoñerllo ao alumnado de 2º, nunhas sesións de titoría que teremos con eles para introducilos nesta temática, que para nós resultou moi interesante xa que nos axuda a ver distintos aspectos que na adolescencia son bastante importantes e máis comúns do que se pensa.



Carteis sobre a diversidade sexual. NOAH RODRÍGUEZ

Maniobras que salvan vidas

MANUEL ALBA / QUIROGA

A finais do mes de marzo, o alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º de BAC do IES de Quiroga recibimos formación sobre dúas manobras básicas de primeiros auxilios, na materia de Educación Física.

As dúas manobras son moi sinxelas pero moi importantes para salvar vidas. A manobra de Heimlich, utilízase cando unha persoa se atragoa. O primeiro que temos que facer é animar a tuser á persoa e golpearlle nas costas. Se isto non funciona, colocámonos detrás dela abrazándoa de xeito

que unha man envolva á outra, que teremos co puño pechado enriba do abdome. Entón hai que facer presións en sentido ascendente para provocar que o aire que hai nos pulmóns axude a expulsar o obxecto que obstrúe as vías aéreas. Os atragoamentos, cando non se solucionan acaban provocando parada cardio-respiratoria, por iso hai que coñecer tamén a manobra RCP, de reanimación cardiopulmonar.

Nese caso, tras comprobar o nivel de consciencia da persoa, e dar o aviso ao aos servizos de emerxencias nos teléfonos 061 ou 112, comézase coa RCP.



Alumnado practicando a RCP no ximnasio. EMILIA TOURIÑO

Charla sobre a asma

MANUEL ALBA / QUIROGA

O 27 de abril, Francisco Javier González Barcala, profesor da Facultade de Medicina e Odontoloxía de USC estivo no noso centro para falarnos da asma, no programa "A ponte". El quería que nos déramos conta de que a asma non che impide facer nada. O primeiro que fixo foi preguntar quen dos/as presentes sufría esta enfermidade, para comprobar que era a porcentaxe habitual. Depois disto, ensinounos imaxes de famosos/as que tiñan asma e conseguiran levar unha vida "normal": entre eles/as había deportistas de elite como E. Smith, Induriain, Beckham, M. Spitz ou Mireia Belmonte; e tamén persoas coñecidas no ámbito da cultura e das artes, como Beethoven, Séneca, Martin Scorsese, ou Dickens. Aclarounos que a asma podía combinarse con alerxia ou non, as dúas doenzas non sempre van asociadas e que ir a piscina non era bo para a asma. Ante preguntas ao respecto, deixou claro que o tabaco, o alcohol e a obesidade son prexudiciais, e tamén non seguir o tratamento.

A semana da froita

A alimentación saudable, a actividade física e certos hábitos culinarios son beneficiosos para o noso organismo

SOFÍA PÉREZ / QUIROGA

En marzo o noso centro participou por primeira vez no "Programa de consumo de froitas e hortalizas nas escolas" promovido pola UE para fomentar hábitos de alimentación saudables. Para isto, a Unión Europea puxo a disposición dos centros axudas económicas.

As froitas consumidas nesta semana no noso centro eran de tempada (mazás, peras, amorodos, mandarinas e plátanos) e repartíanse o primeiro recreo da mañá a todo o alumnado. Ademais de repartir a froita, había artigos informativos sobre as propiedades destes alimentos, así como sobre as variedades, receitas, poemas e outras curiosidades nun taboleiro. A experiencia foi positiva, xa que houbo un elevado consumo de froitas por parte do alumnado, o que nos fixo valorar que sería interesante repetilo os vindeiros anos. A dieta mediterránea é unha

forma de alimentación na que se reduce a proporción de consumo de carnes e hidratos de carbono en beneficio de máis alimentos vexetais e graxas poliinsaturadas; pero ultimamente esta dieta está sendo abandonada, ao incluír máis alimentos precociñados e outros típicos da cultura anglosaxoa (hamburguesas, patacas fritas, embutidos...). En parte, tamén temos que ter en conta o factor do ritmo de vida da sociedade, que inflúe notablemente nos hábitos culinarios.

Dieta, saúde e deporte

A alimentación saudable é un gran complemento para unha vida saudable, e fundamental para un rendemento deportivo correcto. O nosa inxesta non debe ser nin máis nin menos que o que consome o organismo. O deporte e a alimentación equilibrada son elementos fundamentais para evitar as enfermidades típicas do envellecemento como o alzheimer, ou os problemas cardiovasculares.

De vacas e leite

EVA TEIJEIRO / QUIROGA

Por definición (RAG), o leite é o "Líquido branco segregado polas glándulas mamarias das femias dos mamíferos, co que alimentan as crías", na súa primeira acepción e "Este líquido, extraído das femias de certos animais, que se utiliza como alimento" na segunda.

A súa utilidade básica, é, polo tanto, servir de alimento. E con este fin foi utilizado pola humanidade dende a noite dos tempos, cando comezou a domesticar animais.

No caso concreto de Galicia, foi a base da alimentación (e máis nos núcleos rurais) durante séculos, ata ben entrado o século XX.

Por suposto, a produción de leite foi un aspecto básico da economía de autosuficiencia. Iso explica a fonda pegada que

deixou na fraseoloxía e no imaxinario popular.

Se ben non en todas as culturas tivo a mesma importancia dentro da dieta despois da lactación, o certo é que o aproveitamento deste recurso nutricional é moi habitual en occidente, onde o leite de vaca (e, en menor medida, o de ovella ou cabra) constituíu un elemento básico de consumo. Por non falar da inxestión habitual dalgúns dos seus derivados, tan populares como o iogur o o queixo: poucas culturas/civilizacións hai que prescindan destes clásicos nas súas comidas.

Recentemente isto mudou algo, pois a diversificación da alimentación que se produciu na segunda metade do século XX, a descuberta das intolerancias alimentarias, a tendencia de certas dietas a



"A vaca é o símbolo da paz", Castela. SUSO MANTEIGA

prescindir de produtos básicos con máis ou menos xustificación, así como a aparición de sucedáneos, deron lugar a una redución da presenza do leite e dos seus derivados no consumo diario. Aínda así, segue sendo un dos produtos máis consumidos nas súas distintas variantes (enteira, semidesnatada e desnatada), sobre todo nos

países do hemisferio norte. Non hai dúbida de que o leite é o alimento ideal para os mamíferos (tamén humanos) despois de naceren pois non só contén os nutrientes precisos en cada caso, ademais está demostrado o seu carácter protector e terapéutico. Porén, na actualidade xerouse certa polémica con respecto ao seu consumo en adultos, ao

haber quen considera que non é necesario e mesmo que é perxudicial, apoiándose en falsos mitos como que non hai outros mamíferos que o consuman despois do destete. O leite máis consumido, o de vaca, é máis do 80% auga onde van disoltas outras substancias (vitaminas, proteínas, graxas, hidratos de carbono -a lactosa e as sales minerais). Tamén na parte graxa van vitaminas, por iso se perden ao desnatado.

O aporte de calcio é moi significativo no leite e nos seus derivados, porque vai asociado a compoñentes que favorecen a súa absorción.

O leite, a pesar da mala sona que algúns tentan adxudicarlle, segue sendo un dos alimentos máis completos da nosa dieta, ao que hai que engadir que é dos máis saudables pois non leva aditivos engadidos. E iso é algo máis ao seu favor.

Ti tamén podes salvar o mundo!

CLAUDIA JIMÉNEZ

Os obxectivos mundiais de desenvolvemento sostible son importantes. Acabar coa pobreza extrema, coa desigualdade e a inxustiza, solucionar o cambio climático... guau!!!

Aínda pensas que non podes facer nada? Téntao! Aquí tes axuda dabondo!!! Que podes facer dende a túa casa? Propostas sen ir a ningures, algunhas mesmo estando no sofá:

1. Non enxuagues a vaixela se a vas meter no lavalouza. Mira de enchelo e tamén a lavadora antes de poñelos a lavar.
2. Seca pelo e roupa ó aire.
3. Pecha a billa cando non uses a auga.
4. Conxela as sobras, pero antes deixa que se enfrien.
5. Usa mistos de cartón, non gastan petróleo.
6. Recicla.
7. Axusta o termostato.
8. Participa en iniciativas que defendan os dereitos das persoas.
9. Non imprimas: tenta recordar, escribe nun papel, ou mellor nunha nota dixital.
10. Apaga as luces, a televisión e o ordenador se non os necesitas.
11. Mantente informado sobre obxectivos mundiais. Que podes facer fóra da casa?

1. Compra produtos locais.
2. Compra a empresas que saibas que levan a cabo prácticas sostibiles.
3. Compra o que de verdade fai falla: fai listas.
4. Desprázate a pé, en bicicleta ou en transporte público.
5. Utiliza unha botella de auga reutilizable.
6. Usa só os panos de mesa que precisas.
7. Compra cousas de segunda man.
8. Dá o que non utilices.

Familia e amigos fannos máis felices cá televisión, as redes sociais ou os video xogos

O alumnado do IES de Quiroga tamén valora máis a saúde ou sentirse querido

ALUMN. ECONOMÍA 4º ESO /QUIROGA

No mes de abril o curso de cuarto da ESO fixo unha enquisa ao alumnado do IES de Quiroga sobre a felicidade. Que é o que nos fai sentir ben? A que lle damos máis importancia na nosa vida? Que nos desagrada? En fin!

Unha das propostas que faciamos na enquisa era que mostrasen por orde de importancia o lugar que ocupaban na súa valoración da felicidade a familia, os amigos e a TV e videoxogos. Que lles proporciona maior felicidade?

A chave parece estar na familia. Así opinan 59 de cada 100 alumnos, que a escolleron en primeiro posto. Só 2 de cada 100 pensa que a familia non é un motivo clave na súa felicidade.

Nove de cada 10 alumnos/as consideran aos amigos como parte moi importante na súa felicidade: o 41% elixiron esta opción en primeiro lugar e o 50%, en segundo. Se observamos o tempo pasado nas redes, aínda que ocupa o 4º posto nas súas preferencias, un 48% di que o usan para estar en contacto coas

amizades, o cal reforza o feito da importancia deste factor no seu nivel de felicidade.

Nun lugar menos relevante, quedan en terceiro posto os videoxogos e a TV, a pesar de que lles dedican bastante tempo.

Na enquisa obsérvase ademais que lles gustaría poder irse fóra de vacacións ou ter unha mascota. O que máis lles disgusta é suspender, aínda que isto parece ter máis fácil solución, xa que depende deles/as mesmos/as.


En conclusión, mesmo se pasan moito tempo nas redes e xogando a videoxogos, non é iso o que os fai máis felices; os verdadeiros motivos da súa felicidade son a familia e os amigos.

As prioridades


Seis son as opcións que ofrecemos nesta enquisa para coñecer que é o que máis valoramos. Estas foron o diñeiro, a saúde, o tempo libre, o sentirnos queridos, aprobar e ser admirado.

A saúde ocupou o primeiro lugar entre estas opcións cun 42% das respostas. Ao afondar nelas, vimos que moitas destas opcións non eran pensando en nós mesmos

QUE NOS FAI FELICES?



QUE É O QUE MÁIS VALORAMOS?



Familia e amigos son o máis valorado. IAGO SÁNCHEZ

senón nos nosos familiares. Tamén valoramos bastante o feito de sentirnos queridos xa que sumou un 24% do total, ocupando o segundo lugar.

Resulta curiosa a terceira elección. Cando escoitamos que lle tocou a unha persoa a primitiva, dicimos: “Vaia!, se me tocara a min...”. Pois non parece coincidir o que dicimos co que pensamos, xa que segundo os datos recollidos, o diñeiro é o que deixamos para o terceiro lugar un 14% de nós, dándolle case a mesma importancia que a aprobar, que ocupa o cuarto posto, co 12%.

Cantas veces estamos desexando dispoñer de tempo libre!, pero parece non ser fundamental, porque o deixamos para o quinto posto, cun 6%. Só a 2 de cada 100 lles gustaría sentirse admirados/as, cando a maioría somos fans de alguén a quen admiramos; porén non nos preocupa que nos admiren a nós. Pode que este sexa un intento de aproximación sinxelo ó que pensamos da felicidade, pero cremos que ofrece unha visión bastante aproximada. Non queremos rematar sen dar as grazas ó alumnado do IES por colaborar nesta enquisa. Sede felices!

O ranking mundial da felicidade

MARIA GONZALEZ/QUIROGA

O Informe mundial da felicidade, elaborado pola ONU, que clasifica a 155 países polos seus niveis de felicidade, acaba de publicarse este 2017 na súa quinta edición.

O World Happiness Report

realiza esta lista en base aos datos que contribúen a felicidade do individuo e, polo tanto, a felicidade do país en xeral: o PIB per cápita, o apoio social, a esperanza de vida, a liberdade para tomar decisións, a xenerosidade

ou o nivel de corrupción do país. Noruega encabeza a clasificación global de felicidade en 2017 con Dinamarca, Islandia e Suíza moi preto; Finlandia está no quinto lugar, seguido por Holanda, Canadá e Nova

Zelandia. Australia e Suecia empatan en novena posición. España está na posición 34. Pensándoo ben, non está tan mal este posto na clasificación, ao final vai ser que somos máis felices do que pensamos.



Exposición sobre Maruja Mallo, a quen a RAG de Belas Artes adicou este ano. EVA TEJEIRO

Homenaxe a Maruja Mallo polo Día das Artes Galegas 2017

O alumnado do IES de Quiroga achegouse á figura desta pintora galega cunha exposición de cadros e fotografías no corredor da planta baixa, ademais de participar na “Semana escolar con Maruja Mallo”, iniciativa da Deputación de Lugo

PAULA QUIJADA / QUIROGA

Este ano o 1 de abril adícaselle a esta pintora pola importancia da súa obra e da súa figura pois estivo en contacto con artistas e intelectuais coma Salvador Dalí, Federico García Lorca, José Ortega y Gasset, Rafael Alberti, Pablo Neruda e María Zambrano.

Ana María Gómez González, coñecida como Maruja Mallo foi unha pintora e ilustradora rebelde e inconformista, unha das artistas plásticas máis significativas das vangardas contemporáneas á xeneración do 27.

Esta pintora naceu en Viveiro (Lugo) no ano 1902. Despois de vivir noutras localidades galegas (Tui, Verín e Corcubión), trasládase en 1913 a Avilés onde vivirá toda a súa adolescencia e comezará a ter contacto coas artes plásticas. No 1922 instálase en Madrid xunto coa súa familia. Matricúlase na Real Academia de Belas Artes, sendo a única moza que consegue aprobar o exame de ingreso (era moi difícil para unha muller



Bibliografía. EVA TEJEIRO

matricularse na universidade naquela época). Maruja Mallo coñece a Rafael Alberti no 1925, inician unha relación sentimental e realizan diversos proxectos artísticos xuntos; inflúense mutuamente. Ela ilustra e elabora decorados para algunhas obras del como “La Pájara Pinta”.

No 1931, obtén unha bolsa de estudos para viaxar a París, onde coñecerá a diferentes artistas (Picasso, André Breton, Paul Éluard ou Juan Gris). Regresa a España en 1933, preséntase a unhas oposición e termina obtendo unha praza de debuxo, o que lle dá a oportunidade de dar

clases (só o fará un ano, nunha pequena localidade).

Maruja Mallo foi unha das promotoras do movemento “sinsombrero”, co que un grupo de intelectuais escandalizou a sociedade da época por atreverse a saír á rúa sen esa prenda.

Esta pintora tivo que exiliarse en América pola Guerra Civil e non volveu a España ata os anos 60. Neses anos mantivo trato con Rosa Chacel, Victoria Ocampo, Blanco Amor, Rafael Dieste, Luís Seone ou Eugenio Granell.

Aquí o seu recoñecemento como artista non se inicia ata a chegada da democracia, en 1978, aínda que a nivel internacional a súa figura xa pertencía á historia da arte contemporánea.

Posteriormente recibe diferentes premios: como Medalla de Ouro da Xunta de Galicia (1991) ou Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes (1992).

Esta artista de orixe galega, creadora e musa do surrealismo español, falece aos 93 anos en Madrid.

Carlos Casares, Día das Letras 2017

Figura fundamental da literatura e da cultura galega do s. XX, foi membro da RAG e do Consello da Cultura

CARLOS GLEZ / QUIROGA

Carlos Casares (Ourense, 1941 - Vigo, 2002) foi un escritor, xornalista, crítico literario, político, profesor e editor galego.

Estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela, especializándose en Filoloxía Románica. Nesta cidade coñeceu a Ramón Piñeiro gran ideólogo galeguista da posguerra co que tivo unha amizade e que foi decisivo para que se adicase a escribir. A obra narrativa de Carlos Casares está composta por obras como *Os Reis lle traían unha bicicleta* (1967), libro de relatos no que se tocan temas como a violencia, a memoria ou a desesperanza; logo chegaron outras, como *Un polbo xigante* (1969), novela na que a violencia, a dureza da vida e a falta de expectativas son elementos fundamentais; a novela *Os escuros sons de Elío* (1975), ambientada na ditadura franquista; o libro de relatos *Os escuros sons de Elío* (1979); *Os escuros sons de Elío* (1980), historia contra a violencia e o fanatismo; a novela curta *Os escuros sons de Elío* (1987), sobre unha investigación provocada pola aparición dun cadáver; *Os escuros sons de Elío* (1996) na que se recrean as tensións e os medos da época da Segunda Guerra Mundial ou *Os escuros sons de Elío* (2002), que se publicou

despois da morte do escritor.


Dentro da súa bibliografía tamén salienta a literatura infantil, con obras como *Os escuros sons de Elío* (1968), un dos libros máis populares do ourensán e unha das primeiras obras editadas en galego para público miúdo; a peza teatral *Os escuros sons de Elío* (1973); Este é *Os escuros sons de Elío* (1991), ao que logo se lle sumaron outros catro libros que tiñan en común o protagonista e ton humorístico e imaxinativo das historias; por último, *Os escuros sons de Elío* (1996), na que o protagonista non consegue que os Reis lle traían unha bicicleta e decide empezar a practicar na do pai. Ademais de escribir historias propias, tamén traduciu ao galego obras como *Os escuros sons de Elío* de Antoine de Saint-Exupéry. Como ensaísta ten obras como *Os escuros sons de Elío* (1981) ou *Os escuros sons de Elío* (1991).

Na súa faceta xornalística colaborou “El País”, “La Región” ou na revista “Grial”, que dirixiu desde 1989 a 2002. Ademais foi columnista en “La Voz de Galicia” entre 1988 e 2002. Parte destas colaboracións foron recollidas despois en *Os escuros sons de Elío*, unha serie de libros.

Tras a súa morte, nace en Vigo a Fundación Carlos Casares, por iniciativa da familia e amigos do escritor, para velar pola difusión da súa obra.



Pequena mostra bibliográfica sobre o autor. EVA TEJEIRO



Leonard Cohen (1934-2016)

DAVID LÓPEZ, ETS / QUIROGA

O poeta, novelista e cantautor canadense nado en Montreal, morreu en novembro, en Os Ánxeles, pouco despois de publicar *You want it darker*. Aínda que pola súa produción literaria destacou no ámbito musical, tamén era escritor: comezou a cantar tendo varias novelas e libros de poemas publicados; recibiu no 2011 o Premio Príncipe de Asturias das Letras.

Algunhas das súas pezas musicais máis coñecidas son "Hallelujah", "O Partisano", "Fist we take Manhattan", "Suzanne" (o seu primeiro gran éxito) ou "So Long, Marianne"; estas dúas últimas estaban inspiradas por mulleres coas que mantivo unha relación sentimental.

Durante a súa adolescencia interesouse pola poesía de Federico García Lorca, de quen admitiu que fora o poeta que máis lle influíra. Del musicou un texto de Poeta en Nueva York coñecido como "Pequeño vals vienés" (Take this Waltz). Desta canción existen numerosas versións na actualidade, unha delas de Ana Belén, no seu disco *Lorquiana*. Foi considerado pola crítica como un dos autores máis fascinantes do ámbito musical de finais dos anos 60. As súas cancións, próximas ao folk, con letras moi coidadas, e cheas de lirismo ás veces eran case ladaíñas. Abordou temas como a política, a relixión (tivo unha etapa budista e outra proisraelí: era de ascendencia xudía), o illamento, as relacións persoais e a sexualidade.

Entre os seus libros, hai dúas novelas, *El juego favorito* e *Los hermosos vencidos*, e poemarios como *Flores para Hitler* ou *Parásitos del paraíso*. A súa obra influíu a músicos contemporáneos (sobre todo a cantautores) como JM Serrat, Christina Rosenvinge, Kiko Veneno, Jorge Drexler ou J. Sabina no ámbito hispánico. O documental biográfico *I'm Your Man* é un referente para coñecer máis da súa figura.

Valle-Inclán, 150 anos despois

Unha ampla programación abordou a súa figura ao longo do 2016, para conmemorar o seu nacemento en Arousa en 1866

S. DOS SANTOS, ETS / QUIROGA

Ramón María del Valle-Inclán, gran novelista e dramaturgo, foi tamén ensaísta e poeta; a súa primeira etapa é modernista pero posteriormente aproximouse á Xeración do 98, aínda que a súa obra é dificilmente etiquetable pola súa orixinalidade en todos os aspectos. Creador do esperpento (estética deformada coa que denuncia a realidade), é un clásico da literatura castelá do s.XX, con obras como *Sonatas*, *Tirano Banderas* ou *El Ruedo Ibérico* (narrativa), *Comedias Bárbaras*, *Divinas Palabras* ou *Luces de Bohemia* (teatro). Sempre polémico, a súa figura foi orixe de múltiples lendas e mitos, tanto pola existencia de datos contraditorios, como pola propia actitude do autor, que promoveu a incertidume ao respecto de certos aspectos da súa biografía. O seu peculiar aspecto externo deu lugar múltiples caricaturas



Exposición sobre o autor no IES de Quiroga. EVA TEJEIRO

(Siro, por exemplo, doou no 2014 ao museo que o escritor ten na Póboa do Caramiñal unha colección de 40 pezas plásticas inspiradas nel).

O 150 aniversario do seu nacemento fixo que houbera moitas actividades en relación co creador do Marqués de Bradomín, entre os que destacaron as organizadas pola USC (depositaria de gran parte

do seu legado por decisión dos herdeiros).

Ademais, editáronse biografías e estudos sobre a súa obra, e preparouse o camiño para a primeira representación teatral dunha peza súa en galego, que tivo lugar en marzo de 2017. No IES de Quiroga tamén recordamos a súa figura cunha gran exposición no primeiro trimestre do curso 2016-2017.

Jiro Taniguchi (obituario)



Pequena homenaxe a este mangaka na nosa biblio. EVA TEJEIRO

M^a GONZÁLEZ, IAGO SÁNCHEZ, PEDRO SÁNCHEZ / QUIROGA

Este recoñecido autor de manga, faleceu en febreiro tras unha carreira de 40 anos.

Nado en agosto de 1947 en Tottori (Xapón), aprendeu o oficio xunto a Kazuo Kamimura, o cal o puxo en contacto co cómic occidental. Nos anos 80 dedicouse a traballar xunto co guionista Natsuo Sekikawa, e nos 90 publicou moitos traballos en solitario (El

almanaque de mi padre, *Samurai Legend*, *Barrio lejano*...).

Taniguchi debutou a principios dos setenta con *Una habitación árida*, e ten obras tan diversas como *Ícaro*, *Los años dulces*, *La cumbre de los dioses*, *El gourmet solitario* ou *Sky Hawk*. Gañou numerosos premios, tanto no seu país de orixe como en occidente: recibiu o premio ao mellor guión no Festival Internacional de Cómic de

Angoulême (Francia) e tamén foi nomeado "Caballero de la Orden de las Artes y Letras" de Francia.

O seu estilo caracterizábase polo seu realismo, o trazo limpo e o acabado detallista; utiliza elementos dos cómics occidentais como a riqueza dos decorados e a diversidade na construción da viñeta.

A súa obra está orientada ao público adulto, abordando con frecuencia as relacións persoais, e os seus personaxes son naturais e profundos, moi diferentes dos protagonistas de manga xuvenil. Taniguchi era admirador da obra de autores como Moeblus ou Miguelanxo Prado.

Na biblioteca do noso IES de Quiroga temos varias obras súas: *El sabueso*, *Tomoji*, *El olmo del Cáucaso*, *Los vigilantes del Louvre*, *Barrio lejano*, *Mi año*, *La montaña mágica*...

Se aínda non lestes nada del, a que estades esperando?

O iPhone cumpre 10 anos

DÉBORA FERNÁNDEZ, LOLA RODRÍGUEZ / QUIROGA

O primeiro smartphone? O 9 de xaneiro de 2007 a compañía estadounidense Apple, por medio do seu director executivo Steve Jobs, presenta o iPhone, na Macworld Conference & Expo de San Francisco, coa intención de revolucionar a telefonía móbil.


Era un dispositivo rectangular e plano, cunha pantalla táctil que ocupaba toda a superficie, sen teclado físico, e con conexión a Internet, cámara de fotos e reprodutor de música. Trátase do primeiro smartphone ou teléfono intelixente tal e como o coñecemos hoxe en día este tipo de produtos.

O iPhone lanzouse finalmente ao mercado o 29 de xuño nos Estados Unidos e o 11 de xullo de 2008 saíu á venda, en 22 países, a segunda xeración, o iPhone 3G, que soportaba unha transmisión de datos moito máis rápida. Foi nomeado "inventor do ano" pola revista *Time* en 2008.

Tanto usuarios/as como competidores adiviñaron o potencial da nova telefonía intelixente.

En dez anos, o iPhone vendeu máis de 1.000 millóns de terminais e marcou o paso dunha industria multimillonaria e innovadora na que case todos os fabricantes reproduciron o seu deseño. O novo teléfono cambiou a maneira de interactuar as persoas coa información.

Ata o de agora, Apple segue a vender con gran éxito os seus produtos, especialmente móbiles, ordenadores, tabletas, etc. e mellorando día a día a súa tecnoloxía.



SOPA DE LETRAS - MIGUELANXO PRADO

Hai 10 palabras e unha secuencia de tres palabras presentes no seguinte texto:

Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) é un referente na ilustración e na BD galega. Comezou dedicándose á pintura e á arquitectura. Impulsou a creación da revista de cómic en galego "Xofre", no ano 1979.

Son obras súas Trazo de Xiz, Stratos, A mansión dos Pampín, De Profundis, ou máis recentemente, Ardalén e Presas fáciles. Tamén participou en revistas como "Elipse", "Golfinho", "Retranca" ou "Creepy" e foi o creador da mascota do Xabarín Club. Promoveu a creación do festival de cómic Viñetas dende o Atlántico, que se celebra anualmente na Coruña, dende



1998. Participou en publicacións colectivas como H₂Oil, en referencia á catástrofe do Prestige. Ademais, traballou para a factoría americana Dreamworks deseñando personaxes para a serie de animación Men in Black e colaborou con Neil Gaiman, guionista de Sandman. Recibiu numerosos premios nacionais e internacionais.

AUTORES: MARÍA GLEZ, IAGO SÁNCHEZ, PEDRO SÁNCHEZ

ENCRUCILLADO


Pista xeral: referido a Manel Cráneo

Horizontais:

3. A fraga de ... (título dunha obra súa)
6. Localidade onde naceu o autor.
7. Cousas de... (título doutra obra)
8. Editorial na que publica habitualmente.

Verticais:

1. Profesión
2. As súas obras pertencen a este xénero que une debuxo e texto
4. Os lobos de... (título dunha obra súa)
5. Esta palabra forma parte do título da súa última obra, ambientada no Planeta Mincha.



AUTORES: MARTÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO LOSADA, PAULA QUIJADA

En apoio da nosa lingua

O alumnado de ESO do IES de Quiroga participou no Correlingua en Monforte



Pancarta do IES de Quiroga. RAMÓN LATAS

O IES de Quiroga proporciona felicidade



Alumnos felices no noso IES. ROSA DIÉGUEZ

Equipo de redacción de "O Eco do Val":

Manuel Alba Sánchez,
Ariadna Del Pont Expósito,
Vanessa Domínguez Labariñas,
Sheila dos Santos Rodríguez,
Aarón Esteves García,
Débora Fernández Armesto,
Saúl Fernández Rodríguez,
Martín Fernández Santos,
David García Vecín,
Luz María González Cardero,
Mario González Castro,
Emily González Gallego,
Carlos Julio González Gómez,
Paula González Martínez,



María Dolores González Prieto,
Claudia Jiménez Pérez,
David López García,
Rubén López Rodríguez,
Alberto Losada Santos,
Aida Núñez López,
Luis Emilio Núñez Morales,
Sofía Pérez Carballado,
Paula Victoria Quijada Rodríguez,
Quiroga Puga, Mario
Rodríguez Arza, María Dolores
Iago Sánchez García,
Pedro Sánchez Suárez,
Adrián Vilariño Fernández.

Coordinadora do proxecto: Eva Teijeiro Suárez

ÚLTIMA HORA

REDACCIÓN / QUIROGA

As alumnas de 1º de Bacharelato do IES de Quiroga, Sara Casanova e Marta Campos, foron seleccionadas como finalistas do I Concurso de Videopoemas sobre composicións de Manuel María e e Rosalía de Castro, organizado pola Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

Marta e Sara elaboraron unha montaxe de vídeo co recitado de "Quiroga, fáloche a ti", poema de Manuel María incluído nos *Sonetos ao Val de Quiroga*.

O día 20 de maio, na Casa-Museo de Manuel María terá lugar a proxección pública dos videopoemas e o acto de entrega de premios aos gañadores do concurso, así como o recoñecemento a tódolos participantes.



Sara e Marta. S.M.

O que nos custou chegar ata aquí!

Si, ata aquí, ata a última páxina deste xornal cuxa elaboración supuxo tanto tempo e esforzo de todos e todas...

O ECO DO VAL / QUIROGA

Cando recibimos a chamada do diario El Progreso para explicarnos que era "Escuela de Prensa", a súa proposta para os centros da provincia de Lugo, xa intuíamos que podía ser unha xeira interesante, si, e moi produtiva a nivel educativo, pero tamén inxente. Non o foi menos do que esperabamos.

Entón tocou transmitir a información que nos chegara a un grupo de compañeiros/as ao parecernos que podían estar interesados/as en participar nunha proposta deste tipo. Acordamos participar neste proxecto periodístico, estando coordinado dende a vicedirección, coa estreita colaboración da Biblioteca Escolar e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Íamos facer un xornal integramente en galego!!!!

Despois houbo que decidir que a que grupos de alumnado se lle ofrecía, tendo en conta que os/as participantes non podían superar a trintena. Foi bastante doado: 3º e 4º da ESO sumaban 28 rapaces e rapazas e eran os cursos nos que coincidía a maior parte do profesorado involucrado no proxecto.

Nunha reunión inicial cos afectados/as por esta decisión,

trasládouselles a información básica. Non houbo grandes mostras de entusiasmo, talvez porque eran moito máis conscientes ca nós de cara onde nos dirixíamos.

Poñer a andar os artigos non foi cousa doada: requeriun un par de meses e bastante esforzo por parte de todos/as. Cando comezaron a saír os primeiros, e case inmediatamente a seren colgados na páxina habilitada a tal efecto e mesmo, nalgún caso, a seren publicados no xornal no espazo monográfico dos sábados, mudou o conto. Xurdiu entón un novo atranco, e non menor: a maquetación e os prazos para completar o periódico de 32 páxinas. Pero, ao final, chegamos a bo porto, como demostra esta páxina.

Os e as participantes manifestaron nestes días que lle parecera unha experiencia interesante pero moi traballosa, engadindo que debería "contar máis para a nota" e que terían que poder participar tamén outros grupos. Houbo quen xa manifestou o seu interese por continuar o vindeiro ano...

Polo de agora, queda pedir desculpas polos erros que poda haber ao longo deste xornal e facer os agradecementos. Por suposto, a todo o profesorado colaborador e a El Progreso pola oportunidade que nos ofreceu. Ao resto do alumnado do centro, que dalgún xeito é



Equipo de redacción de "O Eco do Val". SUSO MANTEIGA

tamén "O Eco do Val" (e máis que serán) e contribuíu con distintas achegas a este proxecto común.

As persoas externas ao centro que nos deron apoio de maneiras diversas, como Ramón Vila Anca, Iván A.

Merayo, Nieves Rodríguez, X. Ramón Rodríguez, Pepe Mondelo, Sabela García Turnes, Sabela Morales, Antonio Quiroga, Carlos Rodríguez, Mª Xosé Valcárcel, Xosé Estévez, Hilario González, Celia Díaz e aos

membros da Banda Folk de Ribas de Sil; por último, en xeral, a todos e todas por axudarnos a encher estas páxinas, non tanto de palabras como de ilusión.

E agora si, chegamos á fin da viaxe. Ata outra!

Leche FRESCA
1,5 litros



LEYMA 
natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico

